XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Paseo da Igualdade, 5
15895 O Milladoiro-Ames
T. 881867863
ies.milladoiro@edu.xunta.es

IES do MILLADOIRO

# IES DO MILLADOIRO

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
# CURSO 2019/20

[Aprobada polo Claustro o 16/9/2019]

[Aprobada polo Consello Escolar o 5/11/2019]

ÍNDICE


| Documento | páx |
|---|---|
| introdución | 2 |
| CAPÍTULO I | |
| 1. Plan anual | 3 |
| 2. Horario xeral do centro. | 8 |
| 3. Organización de servicios complementarios. | 10 |
| CAPÍTULO III | |
| 4. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares | 12 |
| 5.Plan anual de actividades de potenciación da lingua galega | 12 |
| 6. Organización, funcionamento e horario da biblioteca | 12 |
| 7. Programa de Formación do profesorado | 14 |
| CAPÍTULO IV | |
| 8. Orzamento do centro. | 14 |
| PLANS E PROXECTOS | |
| 9. Plan anual de lectura | 14 |
| 10. Plan de integración das TIC | 14 |
| 11.Addenda do proxecto lingüístico | 15 |
| 12.Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) | 15 |
| 13. Avaliación da PXA | 17 |
| ANEXO I PROGRAMACIÓN EDLG | |
| ANEXO II PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO | |
| ANEXO III PLAN DE INTEGRACION DAS TICs | |
| ANEXO IV ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO | |

# INTRODUCCIÓN
## DATOS DO CENTRO

| | |
|---|---|
| Denominación | I.E.S. do Milladoiro |
| Código do centro | 11515032807 |
| Domicilio | Paseo da Igualdade 5 |
| Localidade | Milladoiro |
| Concello | Ames |
| Código postal | 15895 |
| C.I.F. | S1500113D |
| Teléfono | 881 867863 |
| Correo electrónico | ies.milladoiro@edu.xunta.e |

O Equipo directivo durante o curso 2019/20 está composto polo profesorado que aparece na seguinte táboa:

| | |
|---|---|
| Directora | Ana María Carballo Balboa |
| Vicedirectora | Beatriz Otero Enjo |
| Xefa de Estudos | Elena Docanto Laviña |
| Secretario | José carmelo Cacabelos Romero |

# 1. plan anual.

## OBXECTIVOS PARA O CURSO 2019/2020

1. **Documentos do Centro**
   1.1 Elaborar o documento base do PEC do IES do Milladoiro introducindo os documentos e protocolos que xa están elaborados.
   1.2 Elaborar o documento de concreción curricular PCC para o curso 2019-20.
   1.3 Elaborar un Plan de Igualdade enmarcado no Plan de Convivencia.

2. **Revisión da xestión de Normas de Convivencia**
   2.1 Revisión do procedemento de apertura e peche das aulas (CCP 23.10.18)
   2.2 Revisión do uso dos móviles e aparellos electrónicos (Claustro 29.5.2018)
   2.3 Estes dous puntos das Normas de Convivencia foron motivo de conflito durante cursos anteriores, polo que as debatiremos nunha primeira CCP e tomaremos decisións consensuadas para mellorar os protocolos actuales.

3. **Mellorar e axilizar a comunicación coas familias.**
   3.1 Implementar a aplicación ABALARmóbil como ferramenta de comunicación eliminando no posible as comunicacións en papel.Informaremos ás familias desta medida e facilitaremos a información necesaria para o seu uso nas primeiras reunións co Equipo directivo e cos titores de cada grupo. Tamén informaremos ao profesorado das súas obrigas para que a información sexa axil e efectiva.
   3.2 Facilitaremos ás familias un horario no que podan ser atendidas pola Dirección en algún dos deus membros e que que cubra de luns a venres.

4. **Solicitar a renovación dos plans e programas que se desenvolven no Centro e potenciar novos plans de innovación Educativa.**
   4.1 PLAMBE. Solicitar a renovación.
   4.2 Contratos Programa. Abrir novas liñas de actuación
   4.3 Plan de Formación do Profesorado. Continuar coas dúas liñas de formación: Aprendizaxe Cooperativa e Convivencia.
   4.4 Solicitar a participación no *Club de Letras*
   4.5 Solicitar a participación no Proxecta: *Correspondentes Xuvenís 3.0*

5. **Desenvolver a metodoloxía da Aprendizaxe Cooperativa en 4º de ESO e avaliar os resultados despois de varios cursos de traballo. Introducila en 1º ESO como reforzo ao Plan de Atención á Diversidade e ao Plan de Convivencia.** Moitas das dinámicas que se levan a cabo na Aprendizaxe Cooperativa teñen como fin a cohesión do grupo, a detección de conflitos e a súa resolución, así como o reforzo do alumnado con máis dificultades.

6. **Potenciar a participación do alumnado a través da Xunta de Delegados e introducilos na resolución de conflitos co Equipo de Convivencia.** Ofreceremos á Xunta de delegados a axuda dun profesor/a que os oriente e titorice para mellorar o seu funcionamento e organización. En canto ao alumnado que ten formación do TEI de cursos anteriores, presentarémoslles a proposta de formación como parte do Equipo de Convivencia en resolución de conflitos.

7. **Continuar o traballo coas institucións en torno á convivencia e á saúde.** Daremos continuidade as reunións trimestrais coa Rede de Milladoiro.

## CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN. PLAN ANUAL

| OBXECTIVOS | | MEDIDAS DE ACTUACIÓN | RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS | TEMPORALIZACIÓN | INDICADORES DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| **1. Documentos do Centro** | 1.1Elaborar o documento base do PEC do IES do Milladoiro. | Distribución de tarefas entre os membros do Equipo directivo e posta en común nas reunións semanais. | Equipo directivo.<br><br>Protocolos e documentos existentes no centro .<br>Lexislación educativa | **3º trimestre** | Documento PEC dispoñible na web do centro. |
| | 1.2 Elaborar o documento de concreción curricular PCC para o curso 2019-20. | A Directora e a Xefa de Estudos elaborarán o documento | Directora e Xefa de Estudos.<br><br>Lexislación educativa.<br>Documentos de organización do centro. | **1º trimestre** | Documento PCC dispoñible na web do centro. |
| | 1.3 Elaborar un Plan de Igualdade enmarcado no Plan de Convivencia. | O Equipo de Convivencia será o encargado de elaborar unhas liñas iniciais de actuación de acordo coas accións do contrato-programa IGUALA-T solicitado | Equipo de Convivencia.<br><br>Lexislación educativa.<br>Formación en Igualdade. | **1º trimestre** | Documento do Plan de Igualdade dispoñible na web do centro. |
| | 1.4 Revisar e unificar os protocolos e normas existentes nun documento que recolla as NOFC e poñelo ao dispor da comunidade educativa. | Distribución de tarefas entre os membros do Equipo directivo e posta en común nas reunións semanais. | Equipo directivo.<br>Protocolos e documentos existentes no centro .<br>Lexislación educativa | **2º trimestre** | Documento NOFC dospoñible na web do centro |
| **2. Mellorar e axilizar a comunicación coas familias.** | Implementar a a aplicación ABALARmóbil como ferramenta de comunicación eliminando no posible as comunicacións en papel. | Reunión coas familias para informar desta medida e do uso da aplicación. | Plataforma ABALARmóbil<br>Espazo ABALAR<br>Reunións do Equipo directivo coas familias. | **1º trimestre** | Comprobación de o uso da plataforma por todas as familias. |
| | | Información ao profesorado. A Xefatura de Estudos controlará que o profesorado sexa dilixente coa xestión dás faltas de asistencia do alumnado. | | **1º trimestre**<br>**2º trimestre**<br>**3º trimestre** | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **3. Solicitar a renovación dos plans e programas que se desenvolven no Centro e potenciar novos plans de innovación Educativa.** | 4.1 PLAMBE. Solicitar a renovación.<br>4.2 Contratos Programa. Abrir novas liñas de actuación<br>4.3 Plan de Formación do Profesorado. Continuar coas dúas liñas de formación: Aprendizaxe Cooperativa e Convivencia.4.4 Solicitar a participación no *Club de Letras*<br>4.5 Solicitar a participación no Proxecta: *Correspondentes Xuvenís 3.0* | Analizar as necesidades e fortalezas do Centro para solicitar os programas máis efectivos para a realidade da nosa comunidade educativa.<br><br>Facilitar ao profesorado a información e axuda necesaria para solicitar os citados plans. | Profesorado implicado nos distintos plans e proxectos.<br><br>Recursos materiais especificados nas solicitudes dos diferentes plans e proxectos. | **Solicitude:** **1º trimestre**<br>**Desenvolvemento:**<br>**2º trimestre**<br>**3º trimestre** | Memoria dos plans e proxectos |
| **4. Implementar a Aprendizaxe cooperativa en todos os cursos posibles.** | Desenvolver a metodoloxía da Aprendizaxe cooperativa en 4º de ESO e avaliar os resultados despois de varios cursos de traballo. Introducila en 1º ESO como reforzo ao Plan de Atención á Diversidade e ao Plan de Convivencia. | Realizar unha presentación nos primeiros claustros do curso da metodoloxía da Aprendizaxe cooperativa para potenciar a súa aplicación nas aulas. | Profesorado participante na liña de Aprendizaxe cooperativa do Plan de Formación e outro profesorado interesado nesta metodoloxía | **setembro** | Memoria de Aprendizaxe cooperativa |
| | | Realizar unha reunión semanal (fóra do horario lectivo) para a realización de traballo cooperativo e coordinación entre o profesorado | | **1º trimestre**<br>**2º trimestre**<br>**3º trimestre** | |
| | | Avaliar esta metodoloxía en relación cosresultados académicos en 4º curso e valorar a conveniencia ou non de xeneralizala no Centro. | | **3º trimestre** | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **5. Potenciar a participación do alumnado.** | Introducir ao alumnadona resolución de conflitos como parte do Equipo de Convivencia. | Proporcionar formación ao alumnado que xa participou no TEI en anos anteriores | | **2º trimestre** | Memoria do proxecta *Corresponden-tes xuvenís 3.0*<br><br>Memoria TEI<br><br>Contabilización das mediacións feitas por alumnado.<br><br>Seguimento e avaliación da actividade da Xunta de delegados |
| | Continuar co TEI entre 1º e 3º de ESO | Dirixir e facilitar formación ao profesorado novo para levar a cabo o programa. | | **2º trimestre**<br>**3º trimestre** | |
| | A través da Xunta de Delegados, coa orientación dun profesor/a voluntario/a. | Realizar seguimento das actuacións da Xunta de Delegados e da coordinación do profesor asesor. | | **2º trimestre**<br>**3º trimestre** | |
| | Participación no proxecta *Correspondentes Xuvenís 3.0* | Informar ao alumnado e ao profesorado do programa e facer seguimento do mesmo. | | **Solicitude:**<br>**1º trimestre**<br>**Desenvolvemento:**<br>**2º trimestre**<br>**3º trimestre** | |
| **6.Continuar o traballo coas institucións en torno á convivencia e á saúde.** | Mellorar a difusión da súa actividade facilitando a presenza de profesorado e alumnado nas reunións coas institucións. | Realizar as reunións trimestrais da Rede do Milladoiro. | | **1º trimestre**<br>**2º trimestre**<br>**3º trimestre** | Memoria Rede do Milladoiro. |
| | | | | | **Enquisa ao Claustro de profesorado avaliando o Plan Anual** |

# Documento nº 2, horario xeral do centro

O **calendario** desenvolverase segundo as directrices da *ORDE do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.* (DOG 122 , 28 de xuño de 2019).

O centro solicitará á Xefatura Territorial permiso para considerar o 22 de maio **como día non lectivo**, dado que o xoves 21 é festivo local no Concello de Ames e coincide coa data solicitada polos centros escolares da localidade (CEIP de Ventín).

O horario xeral do Instituto é de 8:30 a 15:00, os luns, martes e mércores abre pola tarde de 16:00 a 19:00.

O horario lectivo: de luns a venres desde as 08:50 ata as 14:30; as tarde do martes de 16:30 a 18:10. As clases serán de cincuenta minutos interrompidas por dous recreos de 20 minutos (10:30-10:50 e 12:30-12:50).

| |
|---|
| 1º período lectivo: 8:50 - 9:40 |
| 2º período lectivo: 9:40 -10:30 |
| Recreo 10:30 – 10:50 |
| 3º período lectivo: 10:50 - 11:40 |
| 4º período lectivo: 11:40 - 12:30 |
| Recreo: 12:30 - 12:50 |
| 5º período lectivo 12:50 -13:40 |
| 6º período lectivo 13:40 - 14:30 |
| Xantar: 14:30 - 16:30 |
| 7º período lectivo 16:30 – 17:20 |
| 8º período lectivo 17:20 – 18:10 |

Horario de atención ás familias: Todo o profesorado dispón no seu horario dunha hora de atención ás familias, que está dispoñible na páxina web do centro. É posible a utilización da hora 18:10 – 19:00 dos martes para a atención a familias.

O Instituto cede as instalación externas e deportivas ao Concello de Ames e baixo a tutela deste o resto das tardes da semana de 16:00 a 21:30, e, no seu caso, durante as fins de semana. As condicións de apertura das instalacións para dar servizo as actividades deportivas do Concello está regulado por un Acordo de colaboración entre o Instituto e o Concello que está en proceso de revisión e que será enviado a Inspección coas modificacións que se leven a cabo. O centro tamén cede as instalacións á ANPA dentro do mesmo horario e condicións.

Horario do **persoal de servizos administrativos**: de 7:45 a 15:15 de luns a venres.

Horario do **persoal coidador:**

De  8 a 15h de luns a venres

Martes de 16 a 18:30

Horario do **persoal de servizos complementarios** xerais:

**Horario de apertura do centro**:

De luns a venres: de 8:30 a 15:00
Luns: de 16:00 a 19:00
Martes: de 16:00 a 19:00
Mércores: de 16:00 a 19:00

Horario do **persoal de limpeza**: de 14:30 a 21:30, de luns a venres.

**Horario de verán**:

**Xullo** (horario de atención ao público): de 9:00 a 14:00.
**Agosto**: O centro dispón dunha soa persoa para atender á Secretaría, que debe permanecer aberta durante o mes de xullo.

# 3. Organización de servicios complementarios.

O IES do Milladoiro comprende unha area extensa con tres zonas que precisan do uso do transporte escolar: a zona este con puntos de poboación limítrofes co concello de Santiago de Compostela, a zona de Osebe limítrofe co concello de Teo e a zona sur que abrangue certas localidades de importancia que están entre o Milladoiro e Bertamiráns. De momento o número de alumnos que precisan deste servizo permite unha única liña.

Este servizo atende a 22 persoas, das que 15 son alumnas da ESO e o resto de Bacharelato.

O servizo de transporte escolar funciona conforma a estas especificacións:

**TRANSPORTE ESCOLAR DO IES DO MILLADOIRO. RUTA E PARADAS**

| | | |
|---|---|---|
| EMPRESA | Hedegasa S. L. | 15120 |
| CONTRATO | 99CO-5009 | |

| **ENTRADA** | | | **SAÍDA** | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Mañá | Tarde mt. | | Mañá | Tarde mt. |
| Hora inicio: | 08:20 | 15:55 | Hora inicio: | 14:40 | 18:20 |
| Hora fin: | 08:45 | 16:20 | Hora fin: | 15:05 | 18:45 |

Entrada

| N.º | Nome da parada | min. | km |
|---|---|---|---|
| 14 | Framil 2 | 0 | 0 |
| 13 | Framil 1 | | |
| 12 | Costoia | 1 | 0,4 |
| 11 | A Moniña | 5 | 1,5 |
| 10 | Coira | 9 | 3,3 |
| 9 | Ventín | 10 | 4,3 |
| 8 | Paramuíño | 11 | 4,6 |
| 7 | Biduído de Arriba | 12 | 5,1 |
| 4 | Biduído de Abaixo | 13 | 6,4 |
| 5 | Casanova | 14 | 6,8 |
| 6 | Raíces | 16 | 7 |
| 3 | A Igrexa-Biduído | 19 | 7,9 |
| 2 | As Mimosas | 20 | 8,2 |
| 1 | A Agrela | 22 | 9,3 |
| 0 | Instituto | 24 | 10 |

Saída

| N.º | Nome da parada | min. | km |
|---|---|---|---|
| 0 | Instituto | 0 | 0 |
| 1 | A Agrela | 1 | 0,7 |
| 2 | As Mimosas | 3 | 1,8 |
| 3 | A Igrexa-Biduído | 4 | 2,1 |
| 4 | Biduído de Abaixo | 5 | 2,4 |
| 5 | Casanova | 6 | 2,8 |
| 6 | Raíces | 8 | 3,1 |
| 7 | Biduído de Arriba | 12 | 4,9 |
| 8 | Paramuíño | 13 | 5,4 |
| 9 | Ventín | 14 | 5,7 |
| 10 | Coira | 15 | 6,7 |
| 11 | A Moniña | 19 | 8,5 |
| 12 | Costoia | 23 | 9,6 |
| 13 | Framil 1 | | |
| 14 | Framil 2 | 24 | 10 |

# 4. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares ríxense por un protocolo dispoñible na web do centro: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Protocolo%20actividades%20extraescolares_0.pdf

O Protocolo foi aprobado na Comisión de Coordinación Pedagóxica do 26 de novembro e modificado nas reunións da CCP de 8/3/2016, do 22/2/2017 e do 23/10/2018. Modificado –dietas– en Consello Escolar de 8/4/2019.

A programación está na web do Instituto: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Programación%20%20Vicedirección%2019-20.pdf

# 5. Plan anual de actividades de potenciación da lingua galega

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega está formado coordinado pola profesora Valentina Formoso Gosende (Lingua Galega e Literatura) e formado polas profesoras: María Xosé Fernández Rivas (Lingua Galega), Vanesa Rilo Mera (PT) e Beatriz Otero (Lingua Castelá).

As persoas que representan ao alumnado son: Sara Antón, Uxía Riveiro, Antía Lourido, Carlota González, Clara Barral, Lía Ríos, Xiana cambeiro, Sara Rey e Irene Vázquez, de 1º ESO-A . Irene Enríquez, Nuria Lamas e Diego Mardamás, de 1º ESO-C. Martina Bretaña, Sara Iglesias e Carla Gato, de 1ºESO-D. Indara Pensado, de 2º ESO A. Iria Ferreiro, Sofía Chang, Leyre Liñares e Eva Novio, de 2º ESO-B. Marta Méndez, Yago Cepeda, David Porto, Brais Martínez, Andrea García, Paula Quinteiro, de 2º ESO C. . Paula Martínez, Candela Chan , de 2º ESO D. Adrián Dubra, de 3º ESO A. Carlota Vicente e Manuel Caamaño, de 4º ESO-A. Paula García, de 4º ESO B.

Jesús Dono Quintela é o representante do Persoal non docente.

O programa anual de actividades para a potenciación da lingua galega do Equipo de Dinamización Lingüística está integrado na programación (Anexo I)

# 6. Organización, funcionamento e horario da biblioteca

A Biblioteca do IES do Milladoiro está xestionada por un grupo de profesorado formado por Rosa M. López Boullón, M. Dolores Padín bascuas, M. Jesús Barral Otero, M.Xosé Fernández Rivas e Margarita Rodríguez Ponseti, que é a coordinadora.

O Plan Lector do Centro recolle que no caso de ausencia dun/dunha profesor/a, o profesorado de garda poderá levar ao alumnado á Biblioteca.

O horario de apertura é o seguinte:

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:00 - 9:40 | | | | | |
| 9:40 – 10:30 | | | | Aberto | |
| 10:30 – 10:50 | Aberto | Aberto | Aberto | Aberto | Aberto |
| 10:50 – 11:40 | | | Aberto | Aberto | Aberto |
| 11:40 – 12:30 | reunión Equipo Biblioteca | Aberto | Aberto | | Aberto |
| 12:30 – 12:50 | Aberto | Aberto | Aberto | Aberto | Aberto |
| 12:50 – 13:40 | Aberto | | | | |
| 13:40-14:30 | | | | | |

**PLAMBE**

A Biblioteca organizará a súa actividade segundo o indicado nas *“Instruccións do 2 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2019/2020, nos centros de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional”:*https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/DXCRRHH_Instrucions_biblitoeca_escolar_curso19_20.pdf

Participación nas seguintes convocatorias:

- *Convocatoria de 5 de septiembre de 2019, de la Dirección General de Centros y Recursos Humanos, en el contexto de las actuaciones para el fomento de la lectura en el ámbito educativo, por la que se incentiva el funcionamiento de CLUBES DE LECTURA en centros públicos de titularidad de la Consellería de Educación, Universidad y Formación Profesional, que acojan enseñanzas de educación secundaria, bachillerato, formación profesional (tanto en régimen común como de personas adultas) o enseñanzas de régimen especial, para el curso 2019/2020*: https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/convocatoria_clubs_lectura_2019_2020.pdf
- *convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, do 3 de setembro, do proxecto RADIO NA BIBLIO para o curso 2019/2020:* https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/convocatoria_radionabiblio_2019_2020.pdf

A programación de actividades da biblioteca por trimestres está integrado no documento de Actividades complementarias e extraescolares. A programación da biblioteca pódese consultar na web do centro: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Prog%20BE%202019-20%20IES%20do%20Milladoiro.pdf

# 7. Programa de formación de profesorado no centro

Solicítase un novo Plan de Formación do Profesorado no Centro 2018/2019 que profundiza naquelas liñas que permitan continuar na formación do profesorado en aprendizaxe cooperativa (Anexo II)

# 8. Orzamento do centro.

Cómpre seguir na liña de aforro enerxético e adecuación dos medios orzamentarios dispoñibles ás necesidades máis perentorias do centro. É imprescindible seguirmos mellorando a asignación orzamentaria por parte da Consellería para poder acometer aquelas actuacións de mantemento, pequenas obras e adquisicións de material que van xurdindo.

Temos que ter en conta que se segue producindo un aumento no volume de ocupación do centro (desdobres, agrupamentos, medidas de atención á diversidade…) e no número de usuarios.Iso fai necesario que levemos a cabo pequenas obras de optimización de espazos. Ademais, hai cada vez hai máis dotacións que manter (actualmente temos os espazos do edificio utilizados a un 100%) e máis reparacións que realizar, e desde xullo de 2017 os mantementos corren todos ao coidado do centro.

| | **2013/2014** | **2014/2015** | **2015/2016** | **2016/2017** | **2017/2018** | **2018/19** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Alumnado** | 291 | 413 | 420 | 450 | 442 | 457 |
| | **2013** | **2014** | **2015** | **2016** | **2017** | **2018** |
| **Orzamento** | 52.453 € | 72.927 € | 70.370 € | 80.147 € | 69.406 € | 56.603 |

# 9. Plan anual de lectura

Nos Claustros celebrados no mes de setembro indicouse que nas programacións debían aparecer un apartado dedicado á contribución das materias impartidas ao Plan Lector do centro. Os departamentos elaboraron estratexias e presentaron materiais para este fin, recollidos nas distintas programacións.

En canto aos tempos de lectura, o Plan Lector do Centro (http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Plan%20lector.pdf ) recolle que se utilizarán os tempos de garda, cando falte un profesor, para a lectura individual e libre.

# 10. Plan de integración das TIC

O Plan de integración das TIC está pendente de aprobación (Anexo III)

# 11.Addenda do proxecto lingüístico

O reparto de materias impartidas en Lingua Galega e Lingua Española foi aprobado no seu momento (Anexo IV).

Os acordos TIL pódense consultar na web do centro: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/node/1233.

# 12. Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)

Por correo electrónico en setembro foi enviada aos departamentos didácticos táboa con medidas de atención á diversidade para que fose incluída nas respectivas programacións. Indicabase no devandito correo que a individualización desas medidas se realizaría nas sesións da avaliación incial.

| Necesidades do alumnado / Número de alumnos/as | Medidas no IES | Protocolos da Consellería EOU e outras | Coordinación outras Institucións |
|---|---|---|---|
| **Educativas Especiais:** | | | |
| Discapacidade intelectual | *B, D, E, F, I, J, K, M | "Orientacións e respostas educativas: Alumnado con discapacidade intelectual"<br>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644 | Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Contratos - Programa |
| Discapacidade motórica<br>**1 en 1º de ESO**<br>**1 en 2º de ESO** | B | "Orientacións e respostas educativas: Alumnado con discapacidade motora"<br>http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/libros/motora.pdf | Pautas do EOE de A Coruña |
| Discapacidade sensorial<br>**1 en 3º de ESO** | B,C | "Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva"<br>https://www.edu.xunta.gal/portal/node/27080 | Pautas do EOE de A Coruña |
| Trastornos xeralizados do desenvolvemento (TEA) - Síndrome Asperger<br>**1 en 1º de Bacharelato** | B | "Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento"<br>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655<br>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703 | ASPERGA A Coruña<br>http://www.asperga.org/ |
| Trastornos graves de conduta | A, B, L | Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal | Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:<br>Contratos - Programa |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Específicas de Apoio Educativo:** | | | |
| Altas Capacidades:<br>**1 en 1º da ESO**<br>**1 en 2º da ESO**<br>**1 en 3º da ESO**<br>**1 en 2º de BACH** | A, B, C, I | "Orientacións e respostas educativas: Alumnado con sobredotación intelectual"<br>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144 | -Coordinación con ASAC<br>-Pautas do EOE de A Coruña |
| TDAH:<br>**5 en 1º da ESO**<br>**2 en 2º da ESO**<br>**4 en 3º da ESO**<br>**2 en 4º da ESO**<br>**1 en 1º BACH**<br>**4 en 2º BACH** | A, B, C, E, I, K, N | Terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do "Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario": http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546 | -Orientacións da Asociación Compostelana de Niños/as con TDAH:<br>http://www.acnhsantiago.org/ |
| Dislexia:<br>**1 en 1º da ESO**<br>**1 en 2º da ESO**<br>**1 en 1º BACH** | A, B, C, D, E, I | Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos da aprendizaxe:<br>https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656 | -Orientacións da Asociación de Dislexia: http://www.agadix.es/<br>-Orientacións EOE de A Coruña<br>-ANEXO XI, Proposta do DO |
| Incorporación tardía (Alumnado estranxeiro de recente incorporación):<br>**2 en 1º da ESO**<br>**6 en 2º da ESO**<br>**5 en 3º da ESO**<br>**4 en 4º da ESO**<br>**1 en 1º de BACH**<br>**1 en 2º BACH** | D, E, F, G, H, I, J, K, M, O | Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro):<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146 | -UTS do Milladoiro<br>-OMIX Concello |
| Necesidades específicas de aprendizaxe:<br>**19 en 1º da ESO**<br>**20 en 2º da ESO**<br>**14 en 3º da ESO**<br>**2 en 4º da ESO**<br>**3 en 1º BACH**<br>**5 en 2º BACH** | A, B, C, D, E, F, I, J, K, M, N, O | -"Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos da aprendizaxe"<br>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409 | -UTS do Milladoiro<br>-OMIX Concello: Clases de Reforzo<br>-Contratos – Programa e Convenio con Igaxes3: Programa Anaquiños Matemáticos |
| **Desvantaxe Socio-Educativa:** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Ambientes desfavorecidos – marxinais:<br>**11 en 1º ESO**<br>**14 en 2º da ESO**<br>**7 en 3º da ESO**<br>**2 en 4 da ESO**<br>**1 en 1º BACH**<br>**1 en 2º BACH** | A, B, C, D, I, J, L, N, O | Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410<br>Instituto Galego para a Xestión do Terceiro Sector Igaxes3<br>http://www.igaxes.org/?lang=es | -UTS do Milladoiro<br>-OMIX Concello: Clases de Reforzo<br>-Convenio con Igaxes3<br>-Contratos - Programa |
| Etnia xitana:<br>**4 en 1º da ESO**<br>**7 en 2º da ESO**<br>**2 en 3º da ESO**<br>**1 en 1º BACH** | B, D, E, I, Ñ, O | -Programas e plans:<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791 | -Convenio de colaboración entre o IES do Milladoiro e o Secretariado Xitano (Programa Promociona) https://www.gitanos.org/galicia/santiago_de_compostela/ |
| **Atención Educativa por Enfermidade:** | | | |
| Atención educativa domiciliaria | B, P | "Protocolo de atención educativa domiciliaria"<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal<br>http://www.edu.xunta.gal/portal/node/17722 | |
| Atención educativa hospitalaria | B, Q | http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal | |

# 13. Avaliación da PXA

A LOMCE asume no seu artigo 141 a redacción que a Lei Orgánica da Educación facía da avaliación entendida como un proceso que atinxe a todos os ámbitos educativos, aplicable tanto á función directiva como ao funcionamento dos centros.

Neste sentido, a PXA debe estar suxeita a un proceso de avaliación continuada a través da análise interna, nas reunións semanais do equipo de dirección, por un lado, e da análise das suxestións xurdidas nas sesións dos diferentes órganos do centro: Claustro, Consello Escolar e CCP.

A memoria final de Dirección recollerá unha avaliación desta PXA segundo a seguinte rúbrica. A PXA será sometida a unha avaliación final a través da Memoria de curso.

| | | Grao de consecución | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| **Documentos de centro** | PCC | | | | |
| | PE | | | | |
| | NOF | | | | |
| | Plan de convivencia | | | | |
| | Plan de Igualdade | | | | |
| **Revisión das normas de convivencia** | Apertura e peche das aulas | | | | |
| | Utilización de móbiles e aparellos electrónicos | | | | |
| **Comunicación coas familias** | Implementación da Plataforma ABALARmóbil | | | | |
| | A comunicación entre o profesorado e as familias foi axil e directa | | | | |
| | Atención ás familias por parte do Equipo directivo | | | | |
| **Renovación de Plans e Programas** | PLAMBE e Radio na Biblio | | | | |
| | Contratos-Programa | | | | |
| | Club de Letras | | | | |
| | Plan de formación de profesorado | | | | |
| | Proxecta | | | | |
| **Metodoloxía de aprendizaxe Cooperativa** | Desenvolvemento e avaliación en 4º de ESO | | | | |
| | Implementación en 1º de ESO | | | | |
| **Participación do alumnado no Centro** | O alumnado participou na resolución de conflitos | | | | |
| | O alumnado participou activamente mediante a Xunta de Delegados | | | | |
| | O alumnado participou activamente mediante o Proxecta Correspondentes Xuvenís 3.0 | | | | |
| **Traballo coas institucións** | Realizáronse reunións da Rede de Milladoiro | | | | |
| | A comunidade educativa recibiu información sobre as actividades da Rede do Milladoiro | | | | |

# ANEXO I
# PROGRAMACIÓN EDLG

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Paseo da Igualdade, 5
15895 O Milladoiro-Ames
T. 881867863
ies.milladoiro@edu.xunta.es

# EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

# PROGRAMACIÓN

## IES DO MILLADOIRO

## 2019-2020

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# ÍNDICE

1- INTRODUCIÓN ....4
2- CONTEXTUALIZACIÓN: Breve estudo sociolingüístico do centro....6
Usos ....7
Competencias ....7
Actitudes....8
3- OBXECTIVOS....9
3.1.-OBXECTIVOS XERAIS....9
3.2.-OBXECTIVOS A NIVEL DE CENTRO .... 10
3.3.-OBXECTIVOS A ACADAR CO ALUMNADO .... 11
3.4.-OBXECTIVOS DE CARA AO PROFESORADO.... 11
3.5.-OBXECTIVOS DE CARA ÁS FAMILIAS.... 12
4- ACTIVIDADES .... 13
4.0 INTRODUCIÓN ÁS ACTIVIDADES DO EDLG .... 13
4.1.ACTIVIDADES PERMANENTES TODO O CURSO .... 14
4.1.0. DAR A COÑECER O EDLG NA COMUNIDADE EDUCATIVA.... 14
4.1.1.-ÍMONOS ENTENDER! .... 16
4.1.2- DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN RELACIONADA COA LINGUA GALEGA E A SÚA NORMALIZACIÓN.... 17
4.1.3.- PRESENZA NAS REDES SOCIAIS.... 17
4.1.4.- APOIO E IMPULSO AO PROFESORADO .... 18
4.1.5.- VOLUNTARIADO LINGÜÍSTICO: Recreos coa lingua .... 19
4.1.6.- MILLA FALA DOIRO: O BLOG DO EDLG .... 21
4.1.7.- MillaFalaDoiro: A RADIO DO ENDL .... 22
4.2.ACTIVIDADES NO 1º TRIMESTRE .... 24
4.2.1. -CONCURSO RADIOFÓNICO DE TEATRO LIDO .... 24
4.2.2.- O SAMAÍN: inmersión cultural .... 25
4.2.3- XOGAMOS TODAS E TODOS .... 26
4.2.4.- CIENCIA EN GALEGO .... 26
4.2.5. 25 DE NOVEMBRO: Día da non violencia contra as mulleres.... 27
4.2.6- QUEN SOMOS, QUE FALAMOS? .... 28
4.3.-ACTIVIDADES NO 2º TRIMESTRE .... 30
4.3.1. CLUB DE DEBATE.... 30
4.3.2. DÍA DE CASTELAO no DÍA DA PAZ.... 31
4.3.3. FEBREIRO DE ROSALÍA .... 31
4.3.4.- A LINGUA GALEGA NA LUSOFONÍA .... 33
4.3.5. ENREGUÉIFATE .... 35

4.3.6.- CONTAMOS. LECTURAS PARA A EEI ..... 35
4.3.7.-CONCURSO YOUTUBEIR@S ..... 36
4.3.8.- 8 DE MARZO- TRABALLADORAS INVISIBILIZADAS ..... 37
4.3.9.- DÍA DA LINGUA MATERNA ..... 37
4.3.10.- INTERCAMBIO LINGÜÍSTICO E CULTURAL ..... 38
4.4.-ACTIVIDADES NO 3º TRIMESTRE ..... 39
4.4.1.-CLUB DE DEBATE ..... 39
4.4.2.- SEMANA DAS LETRAS ..... 39
4.4.3.- CORRELINGUA ..... 40
4.4.4.- A TOPONIMA NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO QUE PASAN POR AMES ..... 40
4.4.5.- INTERCAMBIO (2ª fase) ..... 41
4.4.6.- FESTA DE CONVIVENCIA E PREMIO ..... 41
5- AVALIACIÓN DO ALCANCE DA PROGRAMACIÓN ..... 42
6- INTEGRANTES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA ..... 43

# 1- INTRODUCIÓN

O IES do Milladoiro é un centro que ten unhas características sociolingüísticas moi especiais debido á poboación que acolle. Este é un dos dous institutos do concello de Ames, un concello que medrou como dormitorio da cidade de Santiago. Ten como característica salientable que acolle un número moi importante de poboación estranxeira, destacando os colectivos chegados de Venezuela e Brasil ( con 273 e 231 persoas desa nacionalidade, respectivamente). Séguenos as persoas con nacionalidade portuguesa (184), colombiana e dominicana (101 cada unha destas últimas). Xa baixando do cento de persoas, e nesta orde, seguen italianos (92), arxentinos (81), cubanos (69), romaneses (62), chineses (46), marroquís (46) e un longo etcétera que cobre un abano de máis de 60 nacionalidades. Cómpre ter presente tamén que en Ames están empadroadas trinta mil persoas que veñen dalgún lugar do territorio español fóra da nosa comunidade.

Segundo os datos do padrón municipal de habitantes de concello de Ames, en setembro de 2018 a poboación sen nacionalidade española do concello era de 1671 persoas e a poboación nacida fóra do Estado español era de 4.062. Destas 2.152 pertencen á parroquia de Biduído que nutre de alumnado o IES do Milladoiro.

O centro conta cun número de alumnado estranxeiro que gotea continuamente. Temos alumnado chegado de 12 países diferentes de América do sur, sendo máis predominantes as comunidades brasileira, dominicana e venezolana. Tamén hai alumnado chegado de países europeos coma Romanía ou africanos (Marrocos, Etiopía ou Angola). O centro comezou cun **programa de Inmersión** en linguas, onde o alumnado estranxeiro recibe aulas de lingua galega, lingua castelá e lingua inglesa, segundo necesidades.

Pola súa banda, o concello de Ames conta cun **Servizo de normalización lingüística** xa moi asentado que leva anos programando actividades ao que tentamos sumarnos sempre que nos ofreza a posibilidade, colaborando en todas as accións que deseñe especificamente para o ámbito educativo.

O EDLG, en contacto con diferentes institucións, ofrecerá a súa colaboración nas diversas campañas que se deseñen, dun xeito especial, para contextos educativos. Nomeadamente o centro participará tamén en certames de tradición normalizadora coma o "Correlingua" que se celebra en Santiago de Compostela en datas próximas á celebración das Letras Galegas.

Vaise buscar implicar ao Centro nas distintas propostas que no ámbito da dinamización da lingua e cultura galegas se desenvolvan desde órganos específicos de longo alcance. Ampliarase deste xeito a capacidade dinamizadora executada no contexto estritamente educativo.

O Equipo está composto por catro **profesoras** que teñen unha hora de reunión común semanal e mais teñen o compromiso puntual de colaboración doutras catro profesionais. Durante o curso pasado foise conseguindo un número importante de **alumnado** para que formase parte do EDLG, participase en diferentes accións, tivese

voz en determinadas decisións, colaborase activamente nas diferentes campañas, etc... A maioría xa veu renovar a súa pertenza ao ENDLG para este ano e no momento de pechar a programación aínda non se fixera publicidade entre o alumnado novo no centro por falta de local para poder reunilo. Alén disto, está o alumnado que participa en actividades concretas que se propoñen e que lles require ocupar un tempo extra considerable (concurso de teatro lido, club de debate...).

# 2- CONTEXTUALIZACIÓN: **Breve estudo sociolingüístico do centro**

Durante o curso pasado elaborouse o Plan Lingüístico de centro e temos os datos das enquisas que se realizaron a mediados de curso e a análise que se plasmou no PLC aprobado en xuño de 2018. Estes son os datos sobre usos, competencias e actitudes que achega a análise:

O alumnado do IES do Milladoiro presenta niveis socioculturais moi variados e responde ás novas realidades familiares existentes na sociedade. Esta diversidade amplíase coa presenza dunha porcentaxe relativamente elevada de alumnado procedente do estranxeiro (Un 13% do alumnado do IES procede dun país estranxeiro), que se incorpora ao longo de todo o curso, mesmo na terceira avaliación e, en non poucas ocasións, con desfases curriculares severos.

Do total do alumnado inmigrante, un 55,2% (32 alumnos/as) procedía naquel momento dun país hispanofalante e un 25,8% (15 alumnos/as) procede dun país lusófono. Con variacións moi pequenas, segue a ser a mesma proporción aproximada.




Aínda que a poboación inmigrante constitúe no Milladoiro un dos colectivos con maior risco de exclusión, este alumnado intégrase na vida do centro con relativa facilidade, grazas á atención prestada aos procesos de acollida, ao respecto á multiculturalidade e ao apoio das necesidades educativas derivadas desta situación. Neste sentido, é relevante o desfase curricular severo que presentan moitas destas persoas, como se dixo arriba.

A continuación presentamos os datos de usos do alumnado, tirados das enquisas sociolingüísticas:

## Usos

- Contamos cun 17,2% de alumnado nacido fóra de Galicia, pero só un 4% aprendeu a falar nunha lingua distinta do galego ou o castelán.
- Constátase un descenso moi pronunciado no **uso do galego** na xeración do noso estudantado. O galego constitúe a lingua habitual na casa do 27% do alumnado en presenza deste (con seguridade, a proporción será maior na comunicación entre os proxenitores), mais só é a lingua inicial do 19,3% das mozas e mozos e a empregada polo 3,2% destes nas relacións inter pares. Alén diso, a escola segue sendo un axente profundamente castelanizador, non só debido á presión do grupo na socialización entre iguais, senón no ámbito global da formación: no instituto declaran empregar de xeito normal o galego unicamente un 3% doPáx. 5 de 30 alumnado, por máis que neste caso sexa relevante o número dos que se recoñecen nun uso máis ou menos parello de galego e castelán (19,1%). En relación co anterior, un 54% das persoas enquisadas percibe a presenza da lingua galega no centro (aulas, actividades, interaccións, recursos...) como escasa (22%) ou moderada (32%).
- Obsérvase, así mesmo, un predominio ben relevante do **castelán** (61,2% só ou máis castelán) na escolla das lecturas, a pesar da oferta de obras en galego. No caso do acceso a recursos audiovisuais ou electrónicos, condicionado aínda máis polo mercado, a presenza do galego é especialmente exigua (só castelán supón un 57,2%, só e máis castelán un 87,2%).

## Competencias

- As competencias manifestadas (non demostradas) sitúan o español moi por enriba do galego: hai 38,4 puntos de diferenza no dominio bo / moi bo. E o que é aínda máis grave: hai case un 12% de alumnado con competencia baixa ou moi baixa en galego, fronte ao 1,5% en castelán. Esta situación entra en conflito coas indicacións lexislativas que establecen que o alumnado debe progresar e rematar o ensino secundario cun nivel competencial semellante nas dúas linguas oficiais. É unha realidade que se podería constatar con probas obxectivas e que supón unha vulneración da normativa (LOMCE, 99, 4: "de maneira que se procure que os alumnos e alumnas dominen ambas as linguas oficiais"; Decreto 86/2015: "O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais"). Independentemente da distribución das linguas por materias que establece a lei, é preciso,

logo, empregar todos os contextos comunicativos que poida crear o centro para desenvolver a competencia lingüística minorizada.

- O 13,8% non se sente cómodo ao falar galego (puntúa con menos de 5 sobre 10). E un 19,7% só parcialmente cómodo (puntúa 5 ou 6 sobre 10). Deste xeito, un 33,5% do alumnado amósase refractario ao uso da lingua propia de Galicia ou cun escaso hábito. Nesta liña emocional, declara que non lle gusta falar galego un 41,2% do estudantado (pouco de acordo con "gústame falar galego" o 23,4% e en desacordo o 17,8%). Así e todo, di que lle gusta falar galego o 58,8%.

## Actitudes

Unha porcentaxe ampla, nalgún caso mesmo maioritaria, de alumnado recoñece asumir **ideas prexuizosas**, preconceptos que limitan o valor social do galego e constitúen barreiras para o desenvolvemento das competencias nesta lingua. Ningún dos prexuízos incluídos no inquérito ten presenza irrelevante entre os discentes, sequera aquel que identifica aprendizaxe das linguas con coñecementos negativos ou imposición (marcado polo 15,6%) e ten **especial e preocupante incidencia o que non considera que o galego sexa unha lingua apta para determinados ámbitos (ocio, tecnoloxías...) e, consecuentemente, o que non lle reserva futuro ao galego.**

**Desacordo ou pouco de acordo con**:

- ✓ **Fomentar o galego: 32,8%**
- ✓ O galego é útil fóra de Galicia: 47,8%
- ✓ O galego é útil en Galicia: 21,6%
- ✓ Preferencia por máis clases en galego: 56,3%
- ✓ A adquisición de linguas enriquece : 15,6%
- ✓ As matemáticas pódense aprender en galego: 30,3%
- ✓ **O galego é apropiado para ligar: 48,1%**
- ✓ **O galego é apropiado para videoxogos: 58,71%**
- ✓ **O galego é unha lingua con futuro: 50%**
- ✓ Débese transmitir o galego ás xeracións novas: 21,9%
- ✓ **Gústame que me falen en galego: 35,9%**

En canto ao **profesorado**, dun claustro de 54 persoas, declárase galegofalantes habituais 12;son monolingües en castelán 15 e o resto declárase bilingües habituais, isto é, que empregan as dúas linguas no centro (non como lingua vehicular), nalgúns casos con máis peso dunha ca doutra.

En canto ao persoal non docente, a persoa que está en secretaría ten o galego como lingua habitual e das dúas persoas que están na conserxería, unha é monolingüe en castelán (nacida en Arxentina) e a outra persoa non é fixa, neste momento do curso temos unha falante de galego. As persoas que atenden a cafetería son castelanfalantes.

Non se fixo enquisa ás familias, estas empregan maioritariamente o castelán e as galegofalantes, que son minoritarias, non llelo transmiten aos seus descendentes ou aínda que o falen na casa, o alumnado non o emprega no centro. A isto hai que sumarlle unha porcentaxe moi considerable de familias chegadas de fóra, sobre todo de hispanoamérica e algunha do resto de Comunidades. Por último sinalar aquelas familias de orixe brasileira que teñen ansia por aprender castelán pero non galego.

# 3- OBXECTIVOS

Despois de revisar os datos sociolingüísticos, marcamos os seguintes obxectivos:

## 3.1.-OBXECTIVOS XERAIS

- Deseñar un plan a longo prazo destinado a eliminar prexuízos cara á lingua galega, único xeito de que conseguir un achegamento efectivo e rendible de cara á adquisición de usos.
- Fomentar o uso progresivo da lingua galega e incrementar a competencia lingüística nos diversos estamentos da comunidade educativa.
- Conseguir que un grupo de persoas (docentes, alumnado ou pais/nais) se ILUSIONE coas actividades propostas ao longo do curso por este departamento, e por ende, coa lingua galega.
- Artellar un proceso educativo e cultural que poña freo ao retroceso no uso do galego que actúe de motor de cambio para mellorar as actitudes cara a nosa lingua.
- Establecer unha dinámica que visibilice que a nosa lingua é un vehículo de comunicación

apropiado para todos os contextos e situacións comunicacionais: novas tecnoloxias, vangarda artística, espazos urbanos, mundo laboral, etc.

- Presentarlles ás familias os valores identitarios do galego, as vantaxes pedagóxicas, culturais e sociais do seu coñecemento para poñer en valor a importancia de transmitírllelo aos fillos e fillas.
- Usar o galego para a inclusión e integración de todo o alumnado chegado de fóra.
- Avanzar cara a unha normalización cultural: Un obxectivo fundamental para este centro é traballar arredor dunha normalización cultural para que se poidan dar pasos á fronte na normalización da lingua galega. Cun número tan importante de alumnado estranxeiro, de alumnado chegado doutras comunidades e de alumnado xitano é prioritario poñer as base dunha normalización lingüística apoiada na normalización e difusión da cultura galega.
- Traballar man con man co Servizo de Normalización Lingüística do concello e cos EDLG doutros centros de ensino para así aunar esforzos de cara a cubrir os obxectivos anteriores.

### 3.2.-OBXECTIVOS A NIVEL DE CENTRO

- Favorecer actitudes positivas, tolerantes, integradoras e abertas cara á lingua galega e as linguas en xeral.
- Conseguir que o galego sexa a lingua vehicular do centro, tanto na redacción dos documentos externos como internos, amosando a este como un exemplo de normalidade lingüística da nosa contorna inmediata.
- Concienciar aos distintos axentes (familias, profesorado, alumnado, persoal non docente, institución e asociacións da contorna...) da importancia do galego non só como lingua senón tamén como factor de desenvolvemento social, cultural e económico, riqueza que é importante preservar e actualizar.
- Incidir no carácter do galego como lingua culta e prestixiada, como todas as demais, mais tamén como lingua de identidade da nosa historia e tradición, do noso presente e amosala como unha lingua de futuro.
- Implicar o maior número de persoas (alumnado, profesorado, persoal non docente) nas actividades do EDLG

## 3.3.-OBXECTIVOS A ACADAR CO ALUMNADO

- Garantir que o alumnado que ten a lingua galega como lingua habitual poida mantela e consolide a competencia plena nela.
- Animar o alumnado que ten o galego como lingua habitual na casa tamén a use no centro.
- Traballar a inclusión do alumnado chegado de fóra a través da aprendizaxe do galego.
- Empoderar o alumnado galegofalante para que sinta que ten un valor engadido e non agoche a lingua nin se avergonce dela.
- Organizar actividades e crear espazos que lle permitan ao alumnado castelanfalante achegarse ao galego.
- Familiarizar o alumnado con ámbitos de comunicación modernos, tecnolóxicos, científicos, empresariais, de prestixio en galego.
- Facer que o alumnado sexa suxeito activo, organizador e participante, nas actividades a prol da nosa lingua.
- Favorecer que o alumnado empregue o galego nas diferentes manifestacións artísticas que desenvolvan (música, teatro...)
- Poñer en marcha un voluntariado lingüístico para aquel o alumnado que chegara recentemente de fóra, con escasa competencia lingüística en galego, poida ser axudado por alumnado galegofalante.
- Mudar un discurso prexuizoso cara á nosa lingua.
- Conseguir que as actividades sexan o suficientemente atractivas como para o que o alumnado se ilusione co proxecto e queira colaborar con el.
- Ofrecerlles a todos os alumnos e alumnas do centro participaren, cando menos unha vez ao longo do curso, dalgunha das actividades propostas polo Equipo.

## 3.4.-OBXECTIVOS DE CARA AO PROFESORADO

- Favorecer que o profesorado mellore as súas competencias na nosa lingua.
- Animar ao profesorado a empregar o galego na vida cotiá do centro e no seu trato coas familias

- Eliminar, do discurso do profesorado, prexuízos relacionados coa lingua galega.
- Fomentar o uso non diglósico da lingua galega.

## 3.5.-OBXECTIVOS DE CARA ÁS FAMILIAS

- Presentarlles ás familias o contexto sociolingüístico da lingua galega, especialmente para aquelas chegadas doutro país, e facerlles ver a necesidade de fomentar o galego.
- Favorecer a participación de pais e nais e veciñanza en actividades do Equipo de normalización e dinamización do galego.
- Eliminar os prexuízos sobre a lingua galega que están máis instalados entre a diferente tipoloxía de familias.
- Transmitir o valor da lingua propia cara ás familias para que teñan interese en aprendela, aquelas que non a teñen, e mais interese en non deixar de transmitila, aqueles que a teñen de seu.

# 4- ACTIVIDADES

## 4.0 INTRODUCIÓN ÁS ACTIVIDADES DO EDLG

Dividimos as actividades de xeito temporal, dedicándolle unha epígrafe a cada trimestre e outra a aquelas que se van desenvolver todo ano.

Antes de nada, queriamos deixar plasmado que esta programación está viva e que pode e debe ser modificada segundo transcorra o curso en canto a moitos factores que se desenvolven nun centro educativo que se caracteriza neste momento por certa inestabilidade, ao ter unha dirección provisional e mais da metade do profesorado que acaba de chegar ao centro. A isto hai que sumarlle que a propia coordinadora só pasou seis meses no centro o curso pasado e que o centro conta con un grupo moi importante de alumnado de grande mobilidade.

Imos estar moi atentas ás propostas que nos fagan desde o **SNL do concello de Ames**, que ten un servizo estable e moi activo desde hai dez anos, nas que achega trimestralmente actividades para os centros. De momento incluímos a información que temos, nalgún caso aínda moi superficial por non se nos ter achegado aquela das actividades que están máis afastadas no tempo.

Ademais estamos abertas a calquera actividade que poida xurdir desde calquera asociación en prol da lingua e na que vexamos que podemos participar. Estamos dispostas a estender as actividades de dinamización da lingua a ámbitos xeográficos diferentes aos da localidade do Milladoiro, asistindo a diferentes actividades culturais que se programen no concello de Ames ou no veciño de Compostela, que serán os de máis fácil asistencia, pero tamén poderemos acudir a outras localidades sempre que teñamos posibilidades económicas e non interrompamos o bo funcionamento do centro.

Tamén informaremos e difundiremos de xeito constante a información sobre as representacións teatrais, proxeccións cinematográficas, exposicións, concertos e todas aquelas actividades que se programen, no concello de Ames ou noutras localidades próximas e que vexamos que poden ser de proveito para o alumnado.

Xa por último, imos sempre tentar difundir todas as actividades que organicemos e desenvolvamos. Enviarase desde o EDLG aos medios de comunicación, tanto locais (Radio Ames) como comarcais

(prensa, radio, televisión...), notificación das actividades que se realizan no marco do centro ou con proxección na Comunidade Educativa.

## 4.1.ACTIVIDADES PERMANENTES TODO O CURSO

### 4.1.0. DAR A COÑECER O EDLG NA COMUNIDADE EDUCATIVA

**Obxectivos:**

- Dar a coñecer o EDLG a toda a comunidade educativa, mostrando os seus obxectivos e as súas actividades, así como as posibilidades de colaboración con cada un dos elementos da comunidade.
- Ofrecer axuda ao profesorado para o uso da lingua galega no centro, ben nas aulas, ben noutras actividades.
- Explicar as razóns da existencia do EDLG para que se vexa coma un elemento necesario e imprescindible no centro.
- Motivar o alumnado para que se sume ao proxecto do EDLG e así aumentar o uso da lingua.
- Anunciar todas as accións e actividades que se organizan desde o ENDL.
- Ofrecer unha visión positiva do Equipo entre toda a comunidade.

**Descrición:**

Para dar a coñecer o EDLG nun IES que, coma todos, recibe alumnado novo para 1º ESO, pero que logo ten unha matrícula aberta para todos os niveis de alumnado inmigrante e que, ademais, ten un cadro de persoal novo moi numeroso, desenvolveremos as seguintes accións:

- **Habilitar un espazo físico** onde reunirnos e onde a xente sabe onde atoparnos durante os recreos. Debido á problemática de espazos que ten o centro, escollemos unha aula de desdobres que é o suficientemente ampla como para ser dividida -imaxinariamente- en dúas partes. O EDLG pasa a empregar a parte de atrás do local, ten un armario onde gardar o material e pode ter un mesado ocupado con cartelería, ou o que precise, durante varios días.
- **Difundir o logo** que creamos o anos pasado para o EDLG e que simboliza os espazos, os produtos que editamos...

- **Difundir a conta de correo (endlmilladoiro@gmail.com)** para que a rapazada nos poida mandar calquera tipo de documento e ademais podemos comunicarnos con eles, e co resto da comunidade educativa, desde ela. Tamén nos serve para difundir a **conta en Youtube** eque creamos o curso pasado e mais o **blog** (vid. 4.1.6.- MILLA FALA DOIRO: O BLOG DO EDLG)
- **Deseño dun cartaz de presentación do Equipo para colocar** polo centro (sala do profesorado, taboleiro da entrada...) e tamén un que se vai enviar por correo a todo o profesorado. Logo escribimos unha noticia de que se puxo a funcionar o Equipo que abriu a sección que temos habilitada na páxina web do IES.
- Manter o **taboleiro da entrada** onde colocamos o logo que deseñamos (vid. Actividade 4.2.0) e conseguimos un local que rotulamos e enchemos de cartelería para comezar a facer as reunións coa rapazada e que se soubese no centro que o Equipo tiña un espazo físico onde a xente podía atoparnos, buscar material...
- Manter información constante na **web do centro** para que chegue a todas familias e á comunidade en xeral. Enviamos as noticias para que se publiquen no espazo da web do instituto cando queremos anunciar unha actividade ou dar conta dos seus resultados, mesmo calquera outra cuestión que sexa de interese da comunidade educativa en canto á lingua galega.

- Informar de xeito periódico no taboleiro da sala do profesorado. Colocamos de xeito impreso información do interese do profesorado, non só referida a actividades, senón tamén a novidades ou cuestións relacionadas coa lingua e a sociolingüística en xeral.
- Avisar de todas as actividades a través do taboleiro xeral de avisos do día que hai na porta
- Informar puntualmente á conserxería de todas as accións e actividades para que saiban o que se está a desenvolver.
- Manter información constante no blog

**Orzamento**: 50€ para impresións en color todo o curso que anuncien actividades.

## 4.1.1.-ÍMONOS ENTENDER!

**Obxectivo:**

- Presentarlles ás familias chegadas doutro país, ou doutras comunidades autónomas, cal é a nosa realidade sociolingüística.
- Amosarlles a riqueza que supón ter dúas linguas -ou máis- na nosa sociedade.
- Darlles a coñecer a realidade plurilingüe do centro.
- Amosar os datos sociolingüísticos do concello de Ames para concienciar sobre a necesidade de preservar o galego, como lingua propia.
- Eliminar prexuízos cara á lingua galega que debe verse coma unha riqueza e non coma un atranco.
- Presentar o Programa de Acollida e Inmersión en linguas que ten o centro.

**Descrición:**

Queremos elaborar varios materiais durante todo o curso. O primeiro vai ser un documento simple (en formato tríptico), doado de entender, presentándolles as dúas linguas da comunidade e a oportunidade de que aproveiten o Programa de inmersión ou adquisición de linguas. As persoas destinatarias serían as familias, pero sobre todo o alumnado que se matricula novo no centro e é susceptible de acudir a este programa.

Outro documento iría máis enfocado ás familias. Non se incluirían moitos datos pero si o esencial para que as familias coñezan a realidade sociolingüística do lugar onde se asentan. A mensaxe esencial debe ser que as linguas suman e non que o galego é un atranco co que teñen que batallar. Vaise pedir colaboración do concello para editar este tríptico que se ofrecería tamén para as outras escolas.

Dado que o centro ten matrícula viva e cada pouco chega unha familia nova, a idea é telo xa na xefatura de estudos e mais na secretaría para que se lles dea a todas as familias que se acheguen en calquera momento do curso ao IES.

Cómpre ter en conta que neste centro, desde que se pecha a matrícula, durante o curso escolar, poden chegar arredor de 40 alumnos novos ao centro.

**Orzamento**: 60 €

## 4.1.2- DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN RELACIONADA COA LINGUA GALEGA E A SÚA NORMALIZACIÓN

**Obxectivos:**

- Manter vías de información e sensibilización arredor da lingua galega por parte do EDLG cara á comunidade educativa.
- Empregar todas as canles xa existentes (taboleiro, web do centro, correo do profesorado...) e aumentar a outras que creamos o curso pasado (blog do EDLG, redes sociais...)

**Descrición da actividade**:

Daremos conta de concursos literarios, novas de prensa ou actividades que o EDLG considere relevantes para o alumnado. Terá un lugar predominante a información sobre campañas de sensibilización e, sobre todo, a publicidade das actividades que nós organizamos. Para estas o alumnado do EDLG vai facer un deseño específico en cartelería.

**Orzamento**: 75€ para material funxible todo o curso (fotocopias en cor, material de papelería, pinturas...).

## 4.1.3.- PRESENZA NAS REDES SOCIAIS

**Obxectivos:**

- Ter presenza nas redes sociais para poder difundir as actividades que facemos.
- Ter unha canle de comunicación coa comunidade educativa na que non só se difundan as actividades do EDLG, senón tamén información de cara á eliminación de prexuízos cara ao galego.

– Contar cun espazo de comunicación na rede tamén para saber o que fan outros Equipos e institucións relacionadas coa lingua.

**Descrición da actividade**:

Abrimos o curso pasado contas nas redes sociais e empezamos a funcionar minimamente, mais como foi un curso inestable ao ter que marchar tres meses a coordinadora, non se conseguiu grande difusión. Este ano imos aumentar a nosa presenza coas contas xa creadas en

- **Instagram: edlgmilladoiro** é a rede que neste momento máis emprega o noso alumnado e precisamos ser activos aí.
- **Facebook: ENDL MILLADOIRO**, destinada máis a profesorado, familias e institucións relacionadas coa lingua.

A idea é poder dar conta de todas as nosas actividades (desde anuncialas a mostrar os produtos finais), como tamén colgar artigos, reflexións, vídeos, documentación variada arredor da lingua (para cubrir os obxectivos da epígrafe anterior).

O alumnado que temos formando parte activa do EDLG non todo é maior de 16 anos, así que tentaremos que sexa unha alumna de 1º BAC a que polo momento se vaia ocupar de Instagram e o resto das redes vainas levar unha das profesoras do EDLG, pero pedíndolles consellos ao alumnado sobre como comunicar mellor para a súa franxa de idade.

O profesorado do EDLG vaise comunicar a través dun grupo en Gmail, para traballar conxuntamente tamén co Drive, e mais a través dun grupo de whatsapp que axuda a dar avisos e á toma de decisións rápida sobre determinadas cuestións.

Dado que todas as redes son novas, acordamos realizar **cartelaría** para enviar ás familias e mais para colgar polo centro, anunciando a existencia destas contas do EDLG para que a comunidade educativa nos siga. Avisaremos ao tempo de que temos canle de Youtube.

**Orzamento**: 60€ (cartelería en cor).

## 4.1.4.- APOIO E IMPULSO AO PROFESORADO

**Obxectivos:**

– Alcanzar un uso preferente do galego, nas relacións docentes e nas relacións escolares en xeral.

- Facilitar información de cara a mellorar as competencias, as actitudes lingüísticas do profesorado e os coñecementos necesarios para participar en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Apoio ao labor das titorías en galego

**Descrición da actividade**:

De cara a cubrir estes obxectivos, o EDLG vai desenvolver as seguintes accións:

- Elaboración dun **díptico** no que se vai informar dos obxectivos xerais do EDLG para o presente curso, pero tamén no que se lle ofrece axuda a todo o profesorado e se lles achega unha serie de recursos (bibliografía de interese, materiais didácticos en lingua galega, recursos xerais en galego na rede...).
- Asesoramento continuo para as titorías. Por un lado, para facilitar certos labores de titoría vai encargarse de repartir materiais básicos de aula en galego, como por exemplo os calendarios mensuais para todas as aulas.
- Crear **un espazo no blog do EDLG,** que á súa vez terá un enlace desde a páxina web do centro, para dar apoio continuo a todo o profesorado ao xuntar materiais e recursos existentes en lingua galega. Tamén servirá para recoller dúbidas, cuestións e suxestións que se nos queiran presentar.
- O EDLG manterá tamén o profesorado permanentemente informado sobre as **actividades de formación** relacionadas coa sociolingüística e a planificación lingüística organizadas polas Consellerías ou outros organismos.

**Orzamento**: 8€

## 4.1.5.- VOLUNTARIADO LINGÜÍSTICO: Recreos coa lingua

**Obxectivos:**

- Axudar ao alumnado non falante de galego a que poida aprender a nosa lingua en contextos informais e entre iguais
- Visibilizar o alumnado que ten dominio pleno da lingua galega (aínda que non o use no centro) e empoderalo como posuidor dun coñecemento que o fai valioso e necesario.

**Descrición da actividade:**

Como se expuxo na introdución e contextualización, no IES do Milladoiro hai unha cantidade moi grande de alumnado non falante de galego, ben porque perdeu a lingua na transmisión familiar, ben porque a súa familia é foránea, acaba de chegar recentemente e non ten ningunha posibilidade de achegamento á nosa fala.

O programa de Voluntariado Lingüístico nace para dar axuda a todo este alumnado, pero principalmente a aquel que non é galego e participa no Programa de adquisición de linguas ou Inmersión lingüística. Pode participar de xeito voluntario o alumnado que queira aprender, ou seguir a aprender, entre iguais e fóra do contexto da aula. Vaise seguir coa liña que se comezou o curso pasado, no que alumnado que ten fluidez falando galego, porque é falante habitual, pode anotarse a ser voluntario e axudar a unha ou varias persoas que o precisen. Así tamén poñeremos en valor á rapazada galegofalante, que no centro parece non existir pero si que hai falantes que o son nas súas casas no contexto familiar. Así estamos a darlle oportunidade ao alumnado que chega de fóra que teña unha persoa coa que comunicar nos recreos sobre temas do seu interese e que ademais lle pode axudar na integración no centro.

Esta actividade de intercambios lingüísticos nos recreos vai ter a denominación de **Recreos coa lingua** e vaise desenvolver por parte do alumnado do EDLG e de todas as persoas galegofalantes voluntarias que se anoten.

O curso pasado tivemos a 13 voluntarios/as que tiñan unha parella coa que quedan un recreo á semana para falaren de xeito informal sobre os temas que decidan.

Creouse tamén un espazo no corredor central no que se pegou un vinilo co “Punto de encontro dos Recreos coa lingua” no que o alumnado, que é de diferentes niveis, se atopa.

Todo o alumnado participante ten unha tarxeta na que se vai poñendo un carimbo o día no que quedan para falar e onde anotan tamén o tema sobre o que estiveron charlando. Nesa tarxeta están postas as normas do voluntariado, que se lles explican polo miúdo a todo o alumnado participante. Tamén se considera un mérito para o alumnado que participa no programa de inmersión, que se desenvolve desde a dirección do centro, a súa participación neste programa de voluntariado e así se reflicte nos informes que se envían ás casas.

**Orzamento**: 250€ para as tarxetas, 6€ fundas para as tarxetas

## 4.1.6.- MILLA FALA DOIRO: O BLOG DO EDLG

**Obxectivos:**

- Priorizar as competencias activas da lingua e, especialmente, a oralidade.
- Difundir as actividades planificadas e executadas polo EDLG así como traballos ou posicións puntuais do centro escolar con respecto a cuestións diferentes relacionadas con múltiples temáticas, alén da situación ou problemática lingüística.
- Crear un espazo na rede exclusivo para o EDLG que sirva de referencia para colocar todas as nosas actividades e en especial os podcast que iremos facendo mentres imos camiñando cara a unha radio do EDLG.

**Descrición da actividade:**

Comezamos coa aposta dun blog para o Equipo o curso pasado e comezamos a enchelo e a darlle difusión a través do traballo da rapazada do ENDLG. Foi un pouco arriscada ao non haber tradición de espazos web exclusivos do ENDLG pero conseguimos un enlace no fondo da páxina web do IES, polo que comezamos a ter certa presenza entre as familias, xa que o alumnado -sobre todo o de menor idade- gosta de ensinar as actividades nas que participa.

Chamámoslle “MillaFALAdoiro”, nome que quere xogar con: “Milladoiro Fala” e Faladoiro do Milla (abreviatura do topónimo que emprega toda a rapazada e case toda a poboación do concello)

Procuraremos levar á radio municipal algúns programas de radio elaborados polo alumnado ao longo do curso, sobre temáticas como a comunicación e a mocidade, incluíndo un programa especial dedicado ao Día das Letras Galegas.

Imos impulsar a elaboración de podcast de temas do seu interese para que se vaian gravar á radio municipal a partir de xaneiro.

**Orzamento: 30€**

## 4.1.7.- MillaFalaDoiro: A RADIO DO ENDL

**Obxectivos:**

- Colaborar con entidades externas ao centro especialmente coa radio municipal Ames-Radio co obxectivo de potenciar a nosa lingua.
- Introducir o alumnado no mundo da radio a través de podcast de diferentes temáticas.

**Descrición:**

Non hai tradición ningunha de facer **radio** no IES, só a participación dalgunha rapazada no concurso de teatro lido. Debido aos problemas coa oralidade que presenta o alumnado pareceunos que había que apostar por un proxecto que levase a que o alumnado a usar a lingua oral. A fórmula da radio, empezando con pequenos podcast pareceunos axeitada. Mentres non se consegue o diñeiro para comprar unha "mesa de mezclas" e un par de micrófonos, comezaremos con gravacións a través dalgún dos programas de internet que se empregan para isto. Ao tempo, contactaremos tamén cos técnicos de AmesRadio para solicitar algunha hora polas tardes de cara a facer algunha gravación alí. Todos estes programas vanse colgar no **blog** e difundirse a través da web do centro.

En principio imos realizar dous programas, cada un dunha duración de entre 10 e 20 minutos, para que sexan doados tanto para realizar como para escoitar.

**Programa 1: Nós somos así**

Aquí faríanse podcast nos que se falase dun tema relacionado con afeccións e gustos do alumnado do equipo. Constarían dunha entrevista a unha persoa especialista no tema escollido e mais unha ou douas noticias relacionadas.

- Van empezar por deportistas e profesionais de diferentes ámbitos...(saúde, ensino, música....)
- Vai haber espazos para temas que lles preocupen e que requiran entrevistar a políticos ou activistas.
- Haberá espazos máis culturais nos que aparecerán escritores/as, xente do teatro, artistas plásticos...
- Imos entrar en contacto co IES de Burela que levan anos facendo radio e no que

**Programa 2: Senlleiras**

Estaría integrado nas actividades do Club de letras que se quere desenvolver no centro. Este programa ten este título porque quere se vai centrar na igualdade e na reivindicación do papel da muller na sociedade. Desta maneira vai tocar diferentes aspectos.

Por unha banda vai ser unha homenaxe á mulleres singulares e silenciadas durante calquera época.

Por outro lado, tras a lectura da Obra *Senlleiras* de Antía Yáñez en 4º ESO, onde se fai explícito o problema da violencia machista a principios do século XX e na actualidade, vanse elaborar materiais de cara ao 25/N. Ao tempo alumnas do ENDL de 4º ESO van seleccionar e gravar textos da obra, onde se ve a carga de desigualdade que existía entre homes e mulleres e a violencia exercida contra elas.

Tamén se vai facer un podcast coa figura de Corona González, articulista d'A Nosa Terra, que publicou artigos arrredor do sometemento e da emancipación da muller naquela época. Quen foi ela e que denunciou.

Por último, realizaremos un traballo arredor da (in)visibilización do traballo das mulleres. O alumnado do ENDL (ou 1º ESOC) realiza unha enquisa ás mulleres da familia ou da contorna para saber que tipo de traballo realizaron toda a vida, ou realizan aínda. Así que teñamos todo escrutado, centrarémonos naqueles traballos non remunerados (coidar familiares dependentes) ou que non se consideraban profesión (vender na praza, por exemplo) e naquelas mulleres que accedan a facer unha entrevista gravada. O alumnado do Equipo de Dinamización pertencente á radio van gravar e preparar uns podcast para un programa específico sobre as mulleres e os seus traballos invisibilizados e nada ou pouco remunerados.

**Orzamento:** 0€

## 4.2.ACTIVIDADES NO 1º TRIMESTRE

### 4.2.1. -CONCURSO RADIOFÓNICO DE TEATRO LIDO

**Obxectivos:**

- Dinamizar dun xeito lúdico o uso oral e escrito do galego entre o alumnado a través da reflexión colectiva e da creatividade.
- Estimular actitudes favorables que se traduzan nun uso consciente do idioma e que axuden a superar prexuízos, presións globalizadoras e inercias negativas.
- Fomentar a capacidade de análise da realidade de forma crítica e a reflexiva.
- Fomentar o gusto polo teatro
- Colaborar co Servizo de Normalización Lingüística do concello nas actividades de dinamización lingüística.

**Descrición**:

Esta actividade está deseñada polo Servizo de Normalización Lingüística do concello, polo que é desde esta entidade desde onde fixan as datas de formación (que subvencionan), as datas de gravación (nos locais da radio municipal) e os que corren co diñeiro dos premios.

Desde o EDLG no centro encargámonos de difundir a actividade polas aulas, de deseñar uns cartaces coas normas internas do centro, no que se fixa unha reunión explicativa onde se xestiona toda a documentación e se organiza un calendario con outras reunións. A primeira destas é na que se van dar unha serie de normas (comprometerse coa actividade, realizala correctamente, permitir a súa revisión...). Logo iremos facendo unha revisión dos textos para que non presenten erros lingüísticos nin temáticas que non procedan.

Tamén facemos campaña desde o día 1 de outubro que comezamos coa difusión ata o día 10 do mesmo mes, data que marcamos como límite para poder anotarse no centro. Elaboramos tamén unhas fichas para se inscribiren  nas que deben anotar os nomes os diferentes grupos que se van configurando.

Dado que os premios son interesantes, pero só son tres para os dous centros de Ames, acordamos entregarlles un agasallo simbólico só por participar (un vale na cafetaría)

**Orzamento: 25€**

## 4.2.2.- O SAMAÍN: inmersión cultural

Co obxectivo de impulsar a normalización lingüística apoiada nunha normalización cultural, acordamos realizar un par de actividades relacionadas co Samaín en colaboración con outros departamentos e tamén con outros centros.

### O Samaín no mundo celta

**Obxectivos:**

- Dinamizar a lingua a través da cultura

- Poñer en valor as nosas tradicións e darllas a coñecer ao alumnado foráneo.

- Situar o galego de par do inglés, nunha tradición propia que se sitúa ao par da que nos entrou por vía anglosaxona.

**Descrición da actividade:**

En colaboración co departamento de inglés imos organizar unha exposición de cara ao Samaín explicando o que é esta festividade e a súa relación coas celebracións do mundo celta.

Farase un cartaz e tamén un tríptico en galego e inglés arredor desta festa para difundir entre toda a comunidade educativa.

**Temporización**: outubro

**Orzamento:** 7 € para material

## 4.2.3- XOGAMOS TODAS E TODOS

**Obxectivos:**

- Promover a creación en lingua galega. Fomentar a oralidade
- Difundir os xogos populares galegos como forma de normalización cultural
- Empregar a lingua galega en actividades de peso no centro
- Responsabilizar o alumnado na transmisión cultural
- Interrelacionarse con outros centros de ensino

**Descrición da actividade**:

Esta actividade vaise desenvolver nos días previos ao 1 de novembro. Vaise realizar en colaboración co **departamento de Educación Física** e tamén coa **Escola de Educación Infantil do Milladoiro (EEI)**

Pedíronse prestados os xogos populares que ten o concello do Grove para a semana do 28 ao 30 de outubro.

O profesor de educación física que imparte todo o nivel de 3º ESO vai explicarlle ao alumnado de 3º o funcionamento dos xogos que xa traen as instrucións en galego. Estes teñen que aprender cada un dos xogos, practicalo e logo explicalo en galego, xa que vai ser este alumnado o encargado de ensinarlles os xogos aos de 1º ESO. Estes, á súa vez, terán a responsabilidade de explicarllo ao alumnado de 5º e 6º de educación infantil, que se van achegar ao IES o día 2 de novembro. Van estar en parellas e os de 3º apoiarán aos de 1º ESO nas explicacións e condución do alumnado por todo o recinto onde se van colocar os 25 xogos.

Imos agasallar ao alumando de infantil que se achegue ao centro cuns marcadores realizados polo alumnado do ENDL animando a xogar en galego.

**Orzamento**: 25 €

## 4.2.4.- CIENCIA EN GALEGO

**Obxectivos**

- Eliminar prexuízos sobre os usos do galego en determinados ámbitos

- Demostrar que o galego é válido para todos os ámbitos, nomeadamente no mundo científico
- Espertar a curiosidade do alumnado polos usos da lingua en diferentes situacións

**Descrición**: Debido ás circunstancias que impón a nosa lexislación segue a asentarse o prexuízo de que o galego non serve para o ámbito científico. Daquela imos organizar actividades no centro destinadas a paliar este estigma. Durante a última semana de outubro a rapazada prepara cartaces que insistan na idea de que a nosa é unha lingua válida para as ciencias, ou que o mundo científico se pode aprender en calquera lingua, tamén en galego.

Por outro lado, imos organizar unha e**xposición de libros científicos en galego** que haxa na biblioteca e mais imprimir as portadas daqueles que non teñamos no centro.

Se conseguimos financiamento e colaboración, procuraremos que algún persoeiro recoñecido no ámbito científico, durante calquera momento do curso, veña darlle unha charla á rapazada **sobre a validez do galego para as ciencias, p**ara -sobre todo- axudarnos a desmontar estes prexuízos.

Os departamentos de Matemáticas, Física e Química, Tecnoloxía e Bioloxía están pensando actividades para facermos en común. No momento de pechar a programación aínda non conseguimos consensuar as propostas porque a maioría dos membros destes departamentos, e todos os seus coordinadores, son novos no centro.

**Orzamento**: 100 euros

### 4.2.5. 25 DE NOVEMBRO: Día da non violencia contra as mulleres

**Obxectivos:**

- Difundir poesía en galego
- Dar a coñecer un poeta actual residente en Ames
- Facer visible a lacra da violencia machista na nosa sociedade
- Provocar a reflexión na comunidade educativa arredor deste tema, paso previo á mudanza de actitudes e de comportamentos.
- Participar nos actos do 25-N dunha forma particular e en galego

**Descrición:**

Na semana anterior ao 25 de novembro vanse desenvolver diversas accións dentro dunha actividade á que lle chamamos "Literatura contra a violencia" e que queremos centrar en concienciar á comunidade educativa sobre a lacra da violencia machista ou violencia contra as mulleres. **As accións** van ser:

- Crear un **rótulo** en negro co texto "25-N. Día para a non violencia contra as mulleres" que ocupe toda a parede do corredor de entrada ao centro,
- Crear en plóter unha lámina para cubrir unha parede da entrada do IES con un dos poemas do libro *Masculino singular* de Carlos Negro, o denominado "Cadernos Rubio"
- Colgar poemas da escritora Mª Carme Caramés Gorgal do seu libro "Dos días escuros" que trata este tema.
- Imprimir fragmentos do libro ***Senlleiras*** de Antía Yáñez nos que se mostra o maltrato que sofren e sufriron mulleres de diferentes épocas e colgalos polo centro. Tamén a denuncia que fixo Corona González do trato que recibía a muller naquela época.
- Gravar fragmentos do devandito libro para colgar no blog cunha reflexión por parte do alumnado.
- **Charla** por parte dalgunha das autoras coas que imos traballar.

**Orzamento**: 200 euros

## 4.2.6- QUEN SOMOS, QUE FALAMOS?

**Obxectivos**:

- Coñecer a realidade sociolingüística do noso contorno educativo, detectando os usos e actitudes lingüísticas.
- Provocar a reflexión lingüística do alumnado e das súas familias.
- Concienciar o profesorado.
- Buscar prexuízos sociolingüísticos e axudar a combatelos.
- Abrir novos camiños para posteriores campañas de dinamización.

**Descrición da actividade**:

Esta actividade ten varias accións que están en certa medida relacionadas entre si:

**Pasaporte de linguas:**

Este curso imos centrarnos no alumnado de 1º ESO e mais no que se incorpora ao centro por primeira vez para provocar a súa reflexión sociolingüística ao tempo que coñecemos os seus usos e prácticas lingüísticas. Para iso, en colaboración co departamento de inglés, imos traballar co pasaporte das linguas incluído no Portfolio.

**Enquisa do SNL do Concello:**

Imos colaborar co concello de Ames na análise sociolingüística completa que quere desenvolver no concello. Xa asistimos ás reunións ás que nos convocaron nas que nos explicaron a proposta de colaboración nun estudo que van realizar coa RAG. Estaremos pendentes das informacións e indicacións que nos vaian dando para organizar todo de cara ao vindeiro curso, seguindo a liña do que se fixo no CEIP Agro do Muíño.

Ademais imos aproveitar esta actividade para **sensibilizar** a profesorado e familias da situación da lingua a partir dos resultados obxectivos que vaian saíndo. Mais antes de ter os resultados que envíen da academia lanzaremos unha serie de mensaxes que enmarquen esta acción, para que se vaia producindo a reflexión correspondente.

Destinatarios/as: Alumnado, profesorado e familias

Colabora: Concello de Ames (SNL)

**Quen somos, que falamos?**

Imos preparar unhas enquisas para o alumnado chegado de fóra que irán acompañadas dunha pequena proba de competencia lingüística para organizar as **aulas de inmersión lingüística** de lingua galega que se organizan en colaboración do Departamento de orientación. Os informes de avance deste alumnado de inmersión en lingua galega vaise recoller nunha ficha que se vai enviar ás casas. Todo isto está apoiado na actividade 4.1.5.- VOLUNTARIADO LINGÜÍSTICO.

Para traballar realmente na inclusión de todas as linguas e darlle visibilidade no centro, imos deseñar:

a) Cadro de Benvida multilingüe. A idea é facer un deseño para plasmar nun vinilo que se vai colocar na cristaleira da entrada onde se dea a benvida en diferentes linguas e se mostre unha cara amable do plurilingüismo e un xeito de entender a realidade plurilingüe.
b) Un panel con un mapa do mundo de grandes dimensións onde se vaia marcando a orixe do alumnado que conforma o noso IES e o número de rapaces e rapazas que proceden de cada país ou comunidade autónoma. Servirá como panel para coñecer a nosa realidade plurilingüe.

**Orzamento**: 0€

# 4.3.-ACTIVIDADES NO 2º TRIMESTRE

## 4.3.1. CLUB DE DEBATE

**Obxectivos:**

- Promover o uso oral do galego
- Favorecer o pensamento crítico
- Promover o traballo en equipo, a cooperación e a solidariedade
- Fomentar a diversidade de opinións

**Descrición:**

O Club de Debate é unha actividade que desenvolven conxuntamente un grupo de concellos a través do traballo coordinado dos seus Servizos de Normalización Lingüística (SNL). Ames é un deles e por iso temos a oportunidade de poder participar neste certame de debate para alumnado a partir de 3º ESO. Este ano pensamos acudir con un grupo de 4º ESO que xa o curso pasado estivo formándose minimamente na actividade, ao participar de asistentes aos debates. Se cadra tamén se forma un grupo en 1º Bacharelato.

Os equipos participantes enfrontaranse nunha fase comarcal cos do outro IES do concello de Ames, Santiago e Teo. Se algún dos nosos fose gañador competirá na final galega cos outros equipos gañadores da distintas comarcas.

No IES organizamos a actividade e, ademais de aproveitar a formación que ofrece o concello, imos estar co alumnado durante catro recreos á semana e mais unha tarde á semana dese xaneiro ata primeiros de abril que se desenvolva o debate. Neste tempo axudarémoslles na elaboración do argumentario e a defender as diferentes posicións arredor do tema que se nos propoña.

Os premios corren por conta da organización, pero como pode ser que non teñan ningunha recompensa, farémoslle un pequeno agasallo para que se esforcen.

**Orzamento:** 120€ para o autobús que leve o alumnado aos debates. 35€ para agasallos. A persoa formadora corre a cargo do concello.

## 4.3.2. DÍA DE CASTELAO no DÍA DA PAZ

**Obxectivos:**

- Difundir a figura dun persoeiro fundamental para a defensa da nosa lingua
- Unir o Día de Castelao coa celebración do Día da Paz a través dos seus álbums de guerra
- Dar a coñecer a obra de Castelao entre toda a comunidade educativa
- Fomentar a "paz lingüística"

**Descrición:**

Dado que todos os departamentos van conmemorar o Día da paz, imos tentar poñer o noso punto normalizador aproveitando a figura de Castelao.

Na semana previa ao 30 de xaneiro colocaremos unha exposición coas imaxes dos álbums de guerra do autor rianxeiro. Vanse imprimindo as imaxes no centro, en branco e negro e o alumnado do EDLG -durante os recreos- será quen se encargue de ir colocando os cartaces na parede do patio central de entrada ao IES e así darlle máis visibilidade.

No medio das imaxes tentaremos información básica sobre a súa vida e a súa obra. Tamén imos imprimir un cartaz de 90x80 con fotografías da súa vida, xa que hai moita poboación, de diferentes idades, da que anda por ese espazo, que non coñece a figura. Ademais as imaxes sempre fan máis atractiva a exposición.

En colaboración co resto dos departamentos imos tentar deseñar unha Pomba da paz lingüística e facer un vídeo que simbolice ese día e sexa unha manifestación máis da convivencia plurilingüe que queremos que impere no centro.

Orzamento: 95€

## 4.3.3. FEBREIRO DE ROSALÍA

**Obxectivos**:

- Salientar a figura de Rosalía de Castro como unha das máis importantes do panorama literario galego
- Difundir a figura e obra da poeta
- Promover a oralidade
- Dinamizar a poesía entre o alumnado

– Potenciar a creatividade

## Descrición da actividade:

Nos últimos de febreiro celébrase o Día de Rosalía e nós queremos dedicarlle o mes á autora a través dunha serie de accións que van cubrir este "febreiro de Rosalía". Este ano queremos organizar unha serie de actividades que nos leven a conmemorar a Rosalía no seu día, pero estaremos preparando o centro durante unha semana para este evento. As principais accións van ser:

- **Recitado de poesía no IES**: Aberto a todo o alumnado, tanto da ESO coma do bacharelato. Repartiremos poesías entre as alumnas e alumnos voluntarios para que preparen e reciten na biblioteca do centro durante os días previos ao domingo 24, ben dentro do **concurso** que se organice ou non. Logo convidaremos a ir ao concello a aqueles que se animen e aos que os poidan levar as familias para participar nos actos que organiza o SNL polo Día de Rosalía. Os premios van consistir en vales para consumir na cafetaría.
- **Recitado na Casa Museo Manuel María**. O alumnado gañador do concurso no centro vaise propoñer para que asista á final na Casa Manuel María en Outeiro de Rei. É unha experiencia moi interesante que lla recomendamos ao alumnado, pois nunca participou deste centro.
- **Rosalía tamén é nosa**. Nesta acción imos combinar a realización de vídeos cunha saída a pé ata a casa na que viviu Rosalía no concello de Ames. Baixo o lema "Rosalía tamén é de Ames" imos organizar unha saída a pé desde o Milladoiro ata Ortoño, onde se atopa a casa na que pasou Rosalía os primeiros anos da súa vida. A saída a pé vaise realizar en colaboración co departamento de Educación Física, que nos axuda a preparar un roteiro que non está marcado. A volta vaise realizar en autobús urbano, que só pasa ás 11 ou ás 12,15. Dado que hai un único autobús e con esta frecuencia horaria, dependendo do alumnado que se anote á actividade (dos grupos de 3º ESO) igual temos que organizar dúas quendas de saída para o IES segundo fagan o roteiro máis ou menos rápido coas actividades que deseñamos para que fagan nel. Estas van estar orientadas ben a a) aproveitar o traxecto para gravar espazos e logo realizar vídeo-poemas que teñan que ver coa contorna de Ames; ou a b) facer gravacións e/ou sacar fotografías para elaborar unha presentación, vídeo ou calquera material audiovisual sobre Rosalía no concello de Ames, ben describindo a infancia da poeta no concello, ben as soidades que lle causou deixar a terra galega cando estivo fóra...
- Vaise organizar a gravación do poema "Fun de Santiago a Padrón" pola zona do Milladoiro, para que desenvolvan a súa creatividade e recreen o poema coma se fose a época de Rosalía ou ben para que fagan unha adaptación á época actual.
- Sumarémonos á proposta que fai todos os anos a AELG e quedamos tamén abertos a calquera acción en colaboración co concello ou coa Fundación Rosalía para darlle presenza á nosa poeta no IES.

**Orzamento:** Autobús para recoller o alumnado en Ortoño (95€ para dous autobuses ), 3premios de recitado (30€).

## 4.3.4.- A LINGUA GALEGA NA LUSOFONÍA

**Obxectivos:**

- Afondar na visión da lingua galega como vehículo de comunicación dentro dun sistema lingüístico amplo, como variedade diatópica dentro da lusofonía, mostrando que a lingua galega ten utilidade e que pode abrir portas profesionais, laborais, amizades, etc.
- Contribuír a vencer o prexuízo de que os galegos e galegas posuíumos unha lingua moi minoritaria, que só serve para o nivel familiar.
- Eliminar prexuízos cara ao galego como lingua inútil.
- Ligar o galego coa lusofonía
- Mostrar a utilidade concreta do galego como oportunidade empresarial.

**Descrición:**

Programamos desenvolver dúas accións:

**1- Obradoiro OPS-Portugués simples!**

Este obradoiro ofrécese desde AGAL e vai ser un técnico desta asociación quen o imparta. Trátase dun obradoiro de 1,5 horas de duración, onde se reflexionará sobre a potencialidade do galego como lingua internacional. Está dirixida para o alumnado de 4° da ESO e como son 50 alumnos, vanse repartir en dúas sesións. Vailles mostrar tamén a competencia pasiva que teñen do portugués sen saberen.

Esta actividade desenvólvese en colaboración co departamento de lingua galega.

**Orzamento**: 285€

**2- Mesa redonda: o galego como oportunidade de negocios na lusofonía**

Xa hai un tecido empresarial que usa o galego na súa produción e comunicación e iso é importante que o coñeza o alumnado. As exportacións galegas aos países da lusofonía representaron unha media de entre o 12 ao 17%, segundo o ano, dende 2011, sobre todo cara a Portugal, Brasil e Angola e, en menor medida, pero de xeito crecente, a Mozambique. Partindo de datos coma estes ideamos unha mesa redonda na que

participen algúns adegueiros do Foro Peinador, que etiquetan en galego e exportan a Portugal e Brasil, así como David Sobral (Fegape) que fixo as seguintes declaracións: “o portugués é a lingua máis falada no hemisferio sur e ten unha presenza importante en internet (máis de 80 millóns de usuarios), outro dos novos escenarios do comercio mundial. É a lingua de países emerxentes como Angola, cuxo PIB medrou en torno a un 10 por cento, o galego pode ser porta de entrada para a India ou China dende Macao” (https://www.farodevigo.es/galicia/2015/02/21/xunta-promove-o-galego-vantaxe/1188354.html?utm_medium=rss).

A mensaxe final queremos que sexa: quen sabe galego ten máis oportunidades de traballar que quen non o sabe.

**Orzamento**: 150€

**Temporización:** por determinar, posiblemente no 2º trimestre.

**3.- Festas aquí e acolá**

Durante todo o curso e en colaboración co alumnado que cursa a materia de Segunda Lingua Estranxeira: portugués, queremos mostrar o que hai de común entre determinadas efemérides a un lado e outro do Miño, para mostrar así como a semellanza lingüística leva aparellada unha semellanza cultural.

Para iso imos traballar arredor das festividades do Nadal, Entroido, Pascua e San Xoán (de grande trascendencia en todo o Norte de Portugal).

**Temporización**: Todo o curso

**Orzamento**: 20€

**4.- 25 de abril, revolución dos cravos**

Imos aproveitar a data dunha das festividades máis importantes do país veciño para mostrar tamén a conexión entre o portugués e o galego. A través da difusión da canción Grándola, vila morena, aproveitaremos para reivindicar a nosa lingua na lusofonía e ao mesmo tempo uniremos a expresión lingüística como elemento de protesta contra as inxustizas. Simbolicamente encheremos o centro de caraveis vermellos e en cada un deles engancharemos unha demanda que queremos reivindicar de maneira pacífica para mellorar a convivencia no centro.

**Temporización**: Semana do 25 de abril

**Orzamento:** 90€ para os caraveis

## 4.3.5. ENREGUÉIFATE

**Obxectivos:**

- Promover o uso oral do galego
- Crear espazos en galego para a creatividade
- Ligar a lingua coa música e a poesía

**Descrición:**

Esta actividade parte do Concello de Ames que ofrece formación para aquel alumnado que queira participar e aprender a regueifar. A idea é que a regueifa faga que practiquen a oralidade porque os obriga, nun contexto distendido, a improvisar en galego nun rexistro non formal.

Destinatarios: alumnado de 1º ESO que estea interesado.

Vaise marcar un recreo semanal e un lugar para practicar a regueifa e que logo participen gravando as súas producións. Vaise dar un premio no centro, independentemente de cal sexa o fallo do xurado. Ao final van participar na **Regueifesta** xunto con outros centros de ensino de Galicia.

**Orzamento**: 10€ de premio para os tres grupos que máis se esforcen. **Total: 30€**

## 4.3.6.- CONTAMOS. LECTURAS PARA A EEI

**Obxectivos:**

- Favorecer as competencias activas da lingua, especialmente a oralidade.
- Realizar actividades conxuntas con outros EDLG doutros centros.

**Descrición**:

Establecemos contacto co EDLG da Escola de Educación Infantil do Milladoiro para que a rapazada do Equipo lle vaia contar contos aos nenos e nenas desta escola.

Para que non se nos acumulen tarefas no mesmo período, temos pensado que sexa en marzo, na semana na que estamos de avaliacións para que así a rapazada poida saír de varias clases sen moito problema.

En principio, se non nos propoñen desde a escola ningunha obra específica, escolleremos nós varias entre as que propoña a rapazada que fará unha adaptación se se trata de contos sexistas ou con finais nos que a muller teña un papel secundario do home. En principio as lecturas vanas preparar os alumnos e alumnas do EDLG de 1º e 2º ESO de xeito voluntario.

**Orzamento**: 20€ para levarlles uns agasallos á rapazada de infantil.

## 4.3.7.-CONCURSO YOUTUBEIR@S

**Obxectivos**:

- Promover o uso do galego oral
- Ligar o galego coas novas tecnoloxías
- Fomentar o galego nos espazos da mocidade

**Descrición**:

Vaise difundir no centro esta actividade que está organizada por varios concellos, entre o que se encontra o de Ames. Quérese visibilizar o uso do galego con vídeos de opinión e videotitoriais a través dunha das redes sociais máis influíntes do momento, YouTube. Nesta era dixital @s youtubeir@s viñeron para quedar e pisan forte apropiándose do temas que máis os identifican e compartindo ao seu paso un sen fin de creatividade, diversidade e sabedoría. Moito do noso alumnado é ou quere ser "Youtubeir@" polo que, a nosa misión está en motivalo para que faga vídeos en galego. Tentaremos que o alumnado grave e edite vídeos sobre temas que lles gusten na nosa lingua, pero para iso teñen que ter unha motivación que os leve a deixar de facelos na lingua que lles é cómoda e na que están instalados, o castelán, para sacar vídeos en galego. Animaremos a participación cun premio no centro, sobre todo para os máis pequenos que non poden acceder ao concurso nacional.

**Orzamento**: 25€ euros para os premios

## 4.3.8.- 8 DE MARZO- TRABALLADORAS INVISIBILIZADAS

**Obxectivos:**

- Poñer de manifesto a importancia das mulleres traballadoras da contorna do alumnado
- Destacar a discriminación secular que sufrimos as mulleres e mais a lingua galega
- Poñer de relevo a importancia das mulleres na transmisión da lingua galega
- Realizar un traballo interdisciplinar en diferentes linguas que teña como produto final unha publicación en lingua galega.

**Descrición:**

Ta e como se adiantou na epígrafe 4.1.7 vaise traballar arredor dos traballos invisibilizados das mulleres durante séculos, pero aínda na actualidade. O alumnado vai pescudar sobre traballos que fixeron e fan mulleres do seu contorno máis próximo e polos que nunca recibiron ningunha remuneración. Tampouco se chegaron a considerar "traballadoras" por desenvolveren determinadas tarefas en determinadas épocas. Queriamos destapar isto nun traballo que imos propoñer que realice o alumnado do centro e que logo se plasme en gravacións para un programa de radio dedicado a esta temática.

**Orzamento**: 20€ para materiais

## 4.3.9.- DÍA DA LINGUA MATERNA

**Obxectivos:**

- Explicar o que é a lingua materna ou primeira lingua e a necesidade de conservar cadaquén a súa.
- Concienciar a comunidade educativa da importancia de transmitir o galego como primeira lingua.
- Reflexionar sobre a importancia de aprender galego para as persoas que se asentan aquí e a van ter como segunda lingua.

**Descrición:**

Faremos **un vídeo** protagonizado por todo o alumnado chegado de fóra de Galicia e que ten outra lingua materna. A mensaxe vai xirar arredor de conservar a lingua propia e aprender a lingua galega pois é a lingua propia do territorio no que agora están. O produto final hase colgar na páxina web do IES e, por suposto, no noso novo blog e movelo nas redes.

**Orzamento**: 0€

## 4.3.10.- INTERCAMBIO LINGÜÍSTICO E CULTURAL

**Obxectivos:**

- Ofrecerlle ao alumnado do Milladoiro a oportunidade de entrar en contacto con rapazada da súa idade que é monolingüe en galego.

- Fomentar o uso do galego oral, e tamén escrito, en contextos informais entre o alumnado.

- Entrar en contacto cunha realidade social, cultural e lingüística diferente.
- Traballar co alumnado do Milladoiro para que sexa quen de valorar o propio e amosarllo ao alumnado do outro centro de ensino.

**Descrición**:

Vaise organizar un intercambio entre o alumnado de 2º ESO do IES do Milladoiro e o do mesmo nivel cun centro galegofalante dunha contorna diferente. Pensamos en centros da Costa da morte, coma o CPI Alcalde Pichel de Coristanco, o Urbano Lugrís de Malpica, etc... Esta actividade vai ter dúas fases e ocupar dous días:

Un día (que non ten que ser o primeiro) vaise ocupar nunha saída ao centro co que se faga o intercambio para entrar en contacto co alumnado no propio instituto (onde poden percibir unha organización e forma de facer diferentes) e mais unha estadía nunha área recreativa de interese da zona do centro educativo que sexa.

O outro día sería para que acollésemos no Milladoiro o alumnado do centro elixido. Esta xornada vai estar dirixida polo alumnado do ENDL do mesmo curso que vai organizar aos seus compañeiros e compañeiras para acoller ao alumnado visitante. Tentaremos mostrarlle a idiosincrasia do Milladoiro, coa súa diversidade lingüística e cultural.

**Temporización**: Comezaremos no 2º trimestre para realizar a 1ª fase do intercambio e logo organizaremos a 2ª fase, ben para este 2º trimestre se dese tempo, ou ben para o 3º trimestre.

**Orzamento:** 380€ para o autobús ata a Costa da Morte, saíndo ás 8,45h e regresando ás 6 da tarde.

# 4.4.-ACTIVIDADES NO 3º TRIMESTRE

## 4.4.1.-CLUB DE DEBATE

**Obxectivos:**

Descritos xa nesta actividade no 2º trimestre

**Descrición:**

Se pasa algún dos dous grupos que están anotados á segunda fase continuaremos coa actividade de formación no propio IES que levaremos a cabo o profesorado do EDLG, pois xa non teremos formación desde o concello.

**Orzamento**: 300€ para o autobús se se participase na final.

## 4.4.2.- SEMANA DAS LETRAS

**Obxectivos:**

- Fomentar o interese pola nosa cultura.
- Coñecer e valorar os escritores galegos e en especial a figura de Carballo Calero.
- Reflexionar sobre a cuestión normativa e a normalización da lingua.

**Descrición:**

Faremos algunha accións durante esta semana para todos os niveis educativos. Tentaremos traer a Serafín Marcos, se prepara unha actuación para dar a coñecer a figura do homenaxeado. Tamén preparemos unha exposición sobre o autor e difundiremos entre o alumnado a súa obra. Tentarmos ademais organizar saídas ata o Museo do pobo galego aproveitando as actividades que alí se fagan de homenaxe. Por último, imos impulsar a realización de podcast sobre o persoeiro para que se presenten ao 1º premio de podcast que se organiza no IES Rosalía de Castro.

**Orzamento**: 180€ actuación de Serafín + 75 para cartelería

## 4.4.3.- CORRELINGUA

**Obxectivos:**

- Propiciar a reflexión sobre a situación da lingua galega e a importancia de activar as accións en prol dela.
- Sensibilizar a sociedade, a través da poboación infantil, da importancia da defensa da lingua galega.
- Asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas, amenas e interdisciplinares.
- Contribuír a manter vivo o maior patrimonio creado polas galegas e os galegos e implicar as xeracións máis novas no cumprimento deste obxectivo

**Descrición:**

Imos animar o alumnado a participar nas diferentes accións que se propoñen desde o Correlingua, implicalos tanto na elaboración do manifesto como nas outras actividades como o Cantalingua. Acudiremos aos actos en Santiago o día que a convoquen, xa temos inscrita a toda a rapazada de 1º ESO.

**Orzamento:** 130€ para cada un dos autobuses (Total 260€)

## 4.4.4.- A TOPONIMA NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO QUE PASAN POR AMES

**Obxectivos:**

- Dar a coñecer a toponimia do concello de Ames.
- Ligar o alumnado co seu territorio e cunha cultura milenaria.
- Elaborar vídeos arredor da toponimia do concello.
- Poñer en valor a lingua a través da procura da súas orixes

**Descrición:**

Desde o concello de Ames propúxenos a posibilidade de traballar arredor da toponimia. Para motivar o alumnado imos propoñerlle ao alumnado de 3º ESO facer un roterio e vídeos, despois de investigar arredor dos topónimos existentes nos Camiños de Santiago que pasan polo concello de Ames: o portugués que pasa polo Milladoiro no último tramo de chegada a Santiago e mais o de Fisterra que colle a primeira etapa que atravesa o noso concello ata Ponte Maceira. Por un lado, traballariamos coa toponimia que está publicada no libro de X. Ramón López Boullón e polo outro ligaríase coas aprendizaxes sobre historia da lingua que teñen que aprender ese curso.

A partir de aí deseñaríase unha proposta de elaboración de vídeos por grupos con determinados topónimos que se irían escollendo dos que están nos dous tramos de Camiños de Santiago que pasan polo concello. Así deseñamos un roteiro que uniría eses dous tramos de camiño e que realizariamos co alumnado voluntario de 3º ESO.

**Temporización:** Traballarase na toponimia durante o curso pero o roteiro e os vídeos vanse facer durante o último trimestre, a finais de abril.

**Orzamento**: 200€ para o autobús que os traería de volta desde o último punto do Camiño ao que se chegue.

## 4.4.5.- INTERCAMBIO (2ª fase)

Se non dese tempo de desenvolver as dúas fases do intercambio descrito na epígrafe 4.3.10 durante o segundo trimestre, deixariamos a 2ª fase para este 3º trimestre.

## 4.4.6.- FESTA DE CONVIVENCIA E PREMIO

**Obxectivos:**

- Premiar o traballo do alumnado que participou no EDLG
- Coñecer o alumnado do Equipo do outro IES do concello nunha xornada de convivencia
- Convivir en galego

**Descrición:**

Como premio para a rapazada que se mantén todo o curso colaborando co ENDL vaise organizar ben unha festa, ben se lles vai dar un premio en forma de actividade lúdico-deportivas no ximnasio Squash.

Ademais, desde o IES do Milladoiro ímoslle entregar uns diplomas que mostren a súa colaboración co ENDL.

**Orzamento**: 200€

# 5- AVALIACIÓN DO ALCANCE DA PROGRAMACIÓN

Dadas as actividades propostas consideramos pertinente realizar diferentes niveis de avaliación:

- Por unha parte é moi importante facer cumprir o obxectivo de que todos os alumnos e alumnas do centro participen cando menos nunha actividade do EDLG. Deste xeito, damos a coñecer o Equipo, creamos espazos de encontro en galego e poderemos ter unha valoración do EDLG dunha gran cantidade de persoas.
- Será interesante avaliar neste primeiro ano, como é a nosa actividade nas redes sociais, onde comezamos a ocupar un espazo. Non imos valorar tanto o número de seguidores, como a repercusión das publicacións na comunidade educativa.
- Dado que necesitamos contar permanentemente co profesorado será moi importante coñecer a opinión deste con respecto ás actividades que levamos a cabo.
- Igual que no caso anterior, pasaremos unha enquisa vía Google a final de curso onde se pedirá ao profesorado que avalíe ao EDLG e ás actividades, con apartados para suxestións de mellora.
- É lóxico pensar que non vai ser necesario chegar a final de curso para saber se as actividades puntuais están a ter éxito entre a comunidade educativa. Sempre imos procurar ese *feedback* en cada cousa que organicemos.

# 6- INTEGRANTES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

COORDINADORA:

- Valentina Formoso Gosende (Lingua galega e literatura)

REPRESENTANTES DO PROFESORADO

- María Xosé Fernández Rivas (Lingua Galega e literatura)
- Beatriz Otero Enjo (Lingua castelá e literatura)
- Vanesa Rilo (Pedagoxía Terapéutica)

REPRESENTANTE DO PERSOAL NON DOCENTE

- Jesús Dono Quintela

REPRESENTANTE DAS FAMILIAS

- Susana Mayo Redondo

REPRESENTANTES DO ALUMNADO

No momento de pechar a programación e sen aínda ter habilitado o local do ENDLG para que se veñan anotar, renovaron a súa participación no ENDLG os seguintes alumnos e alumnas que xa estaban o curso pasado:

- Iago Blanco- 2º ESO
- Marta Méndez- 2º ESO
- Andrea García. 2º ESO
- Paula Quinteiro- 2º ESO
- Iria Ferreiro Castro- 2º ESO
- Sofía Paola Chang Gómez- 2º ESO
- Idara Pensado Pedreira- 2º ESO
- Leyre Liñares Rodríguez- 2º ESO
- Adrián Dubra- 3º ESO
- Paula García- 4º ESO
- Carlota Vicente- 4º ESO

O Milladoiro, 27 de setembro de 2019



Coordinadora do EDLG

# ANEXO II
# PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

# ANEXO I

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| **PLANS DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO EN CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS** | **ED535A** | **SOLICITUDE** |

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

| RAZÓN SOCIAL | NIF |
|---|---|
| 15032807 - IES do Milladoiro | |

| TIPO DE VÍA | NOME DE VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | Rúa Paseo da Igualdade (O Milladoiro) 5 | | | | |

| CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| 15895 | A Coruña | Ames | Biduído (Santa María) |

| TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| 881867863 | | ies.milladoiro@edu.xunta.gal |

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| Ana | Carballo | Balboa | 16287229D |

## ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

| TIPO DE VÍA | NOME DE VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | Rúa Paseo da Igualdade (O Milladoiro) 5 | | | | |

| CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| 15895 | A Coruña | Ames | Biduído (Santa María) |

| TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| 881867863 | | ies.milladoiro@edu.xunta.gal |

## DATOS DOS OUTROS CENTROS SOLICITANTES (se é o caso)

| Nome | Código |
|---|---|

## PLAN DE FORMACIÓN DO CENTRO

Itinerario I

LIÑAS: ○ A ○ B ○ C ● D ○ E ○ F ○ G ○ H ○ I

Itinerario II

LIÑAS: ○ A ○ B ○ C ○ D ● E ○ F ○ G ○ H ○ I

CURSOS 2 MÍN. - 4 MÁX.: ● 2 ○ 3 ○ 4   Nº PROFESORES DO CENTRO EDUCATIVO: 53

Nº TOTAL DE PROFESORES QUE PARTICIPAN NALGÚN DOS ITINERARIOS (contabilizar só unha vez): 17

## DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ■ Informe de detección de necesidades formativas (FPROFE)
- ■ Plan de formación (FPROFE)
- ■ Certificación da información ao claustro e ao consello escolar (FPROFE)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxeifp@xunta.es

## LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 7 de abril de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2015/16 (código do procedemento ED535A).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Asdo: Ana Carballo Balboa

I.E.S. DO MILLADOIRO ★ AMES (A CORUÑA) ★

Lugar e data

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Biduído (Santa María) | , | 28 | de | Setembro | de | 2019 |

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación

# ANEXO II

## 1. MEMBROS DO EQUIPO DE FORMACIÓN

| Apelidos e nome | NIF | Enderezo electrónico | Sinatura | |
|---|---|---|---|---|
| Carballo Balboa, Ana | 16287229D | acbalboa@edu.xunta.gal | | |
| Otero Enjo, Beatriz | 33300297T | beatriz.otero@edu.xunta.gal | | Coordinadora itinerario 1 |
| Santidrián Arias, Víctor M. | 05377587A | vsantidrian@edu.xunta.gal | | Coordinador itinerario 2 |

## 2. LIÑAS DE ACTUACIÓN PROPOSTAS

- Escola inclusiva e atención á diversidade.
- Convivencia escolar e clima da aula. Centros saudables. Relacións coas familias.

## 3. OBXECTIVOS XERAIS

- Promover a xestión pacífica de conflitos a través da mediación entre iguais.
- Poñer en funcionamento un servizo de mediación entre iguais a partir do mes de xaneiro.
- Seguir profundizando na implementación das técnicas e estruturas de aprendizaxe cooperativa nas aulas.
- Deseñar e levar a cabo un plan de apoio ao profesorado que inicia a aprendizaxe cooperativa como metodoloxía de ensino.

## 4. RELACIÓN TOTAL DE PARTICIPANTES NO PLAN

| | Apelidos e nome | NIF | Enderezo electrónico | Sinatura |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Cacabelos Romero, José Carmelo | 35444794T | jcacabelos@edu.xunta.gal | |
| 2 | Carballo Davila, María Teresa | 35298304C | tcdavila@edu.xunta.gal | |
| 3 | Casas Gil, María del Pilar | 44819217Z | casasgil@edu.xunta.gal | |
| 4 | Diéguez Taboada, Milagros | 52481447R | milagrosdieguez@edu.xunta.gal | |
| 5 | Docanto Laviña, María Elena | 76409848F | docanto@edu.xunta.gal | |
| 6 | Fernández Rivas, María Xosé | 35443162R | maruxafrivas@edu.xunta.gal | |
| 7 | Formoso Gosende, Valentina | 33284581Q | vformoso@edu.xunta.gal | |
| 8 | García Bernadal, María Irene | 33243148Y | igbernadal@edu.xunta.gal | |
| 9 | López Bolaño, María Teresa | 44815953Q | maite77@edu.xunta.gal | |
| 10 | López Boullón, Rosa M. | 33229933Q | rlboullon@edu.xunta.gal | |
| 11 | López Macía, Helena | 34257694E | macia@edu.xunta.gal | |
| 12 | Magariños Riveira, Sonia | 52471900E | smagarinos@edu.xunta.gal | |
| 13 | Otero Enjo, Beatriz | 33300297T | beatriz.otero@edu.xunta.gal | |
| 14 | Padín Bascuas, María Dolores | 35308149K | dpadin@edu.xunta.gal | |
| 15 | Rios Gil, Ana | 45845643L | anariosgil@edu.xunta.gal | |
| 16 | Santidrián Arias, Víctor M. | 05377587A | vsantidrian@edu.xunta.gal | |

## 5. ITINERARIOS

**Itinerario 1: 1. Consolidación da aprendizaxe cooperativa no IES do Milladoiro**

Curso 2019/2020

Liñas:

26 - Escola inclusiva e atención á diversidade.

Obxectivos:

- -Adquirir un coñecemento teórico e práctico sobre os principios e funadmentos da aprendizaxe cooperativa en condicións de inclusón.-Coñecer os diferentes ámbitos de intervención nos que se estrutura a aprendizaxe cooperativa.-Empregar estratexias axeitadas para estruturar a actividade da aula de forma cooperativa

Contidos:

- -Principios e fundamentos da Aprendizaxe Cooperativa-Ámbitos de intervención/actuación na aprendizaxe cooperativa: a cohesión de grupo, o traballo en equipo como recurso para ensinar e aprender, e o traballo en equipo como contido a ensinar.

Actividades formativas:

<u>Seminario</u>

Título: Consolidación e implementación da aprendizaxe cooperativa no Ies do Milladoiro

Modalidade: Seminario

Temporalización: 28/10/2019 - 29/05/2020

Obxectivos:

- Deseñar un plan de apoio ao profesorado que se inicia na aprendizaxe cooperativa como metodoloxía docente.
- Implementar e consolidar os ámbitos de intervención da aprendizaxe cooperativa, especialmente nos cursos de 4º da ESO e 1º da ESO.
- Adaptar as dinámicas e estruturas ao alumnado que presenta máis barreiras para a aprendizaxe.

Contidos:

1. Principios e fundamentos da aprendizaxe cooperativa.
2. Ámbitos de intervención da aprendizaxe cooperativa: cohesión do grupo; traballo en equipo como recurso para ensinar e aprender; traballo en equipo.
3. Dinámicas e estruturas para a atención á diversidade.

Participantes:

| | Apelidos e nome | NIF | Enderezo electrónico | Sinatura |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Otero Enjo, Beatriz | 33300297T | beatriz.otero@edu.xunta.gal | |
| 2 | Cacabelos Romero, José Carmelo | 35444794T | jcacabelos@edu.xunta.gal | |
| 3 | Casas Gil, María del Pilar | 44819217Z | casasgil@edu.xunta.gal | |
| 4 | Diéguez Taboada, Milagros | 52481447R | milagrosdieguez@edu.xunta.gal | |
| 5 | Formoso Gosende, Valentina | 33284581Q | vformoso@edu.xunta.gal | |
| 6 | García Bernadal, María Irene | 33243148Y | igbernadal@edu.xunta.gal | |
| 7 | López Bolaño, María Teresa | 44815953Q | maite77@edu.xunta.gal | |
| 8 | López Boullón, Rosa M. | 33229933Q | rlboullon@edu.xunta.gal | |

Participantes:

| | Apelidos e nome | NIF | Enderezo electrónico | Sinatura |
|---|---|---|---|---|
| 9 | López Macía, Helena | 34257694E | macia@edu.xunta.gal | |
| 10 | Magariños Riveira, Sonia | 52471900E | smagarinos@edu.xunta.gal | |
| 11 | Padín Bascuas, María Dolores | 35308149K | dpadin@edu.xunta.gal | |
| 12 | Santidrián Arias, Víctor M. | 05377587A | vsantidrian@edu.xunta.gal | |

**Itinerario 1: 2. A mediación no Ies do Milladoiro**

Curso 2019/2020

Liñas:

37 - Convivencia escolar e clima da aula. Centros saudables. Relacións coas familias.

Obxectivos:

- -Contribuír á formación do profesorado na búsqueda dun clima de convivencia positiva na aula e no centro.-Elaborar un documento que constitúa a base dun futuro protocolo de mediación.-Concienciar a profesorado e alumnado da necesidade da mediación para a xestión pacífica dos conflitos.

Contidos:

- -Formación do profesorado na búsqueda dun clima de convivencia positiva na aula e no centro.-Elaboración dun documento que constitúa a base dun futuro protocolo de mediación.-Concienciación de profesorado e alumnado da necesidade da mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

Actividades formativas:

Grupo de traballo

Título: Cara á implantación dun servizo de mediación entre iguais no noso centro

Modalidade: Grupo de traballo

Temporalización: 28/10/2019 - 29/05/2020

Obxectivos:

- Adquisición de destrezas para a mellora da convivencia dando máis protagonismo ao alumnado para resolver os conflitos.
- Elaboración do documento que sirva de base á redacción dun protocolo sobre mediación.
- Implantación da mediación entre iguais a partir de xaneiro.

Contidos:

1. Destrezas para a mellora da convivencia con protagonismo do alumnado.
2. Documento base para a redacción do protocolo de mediación.
3. Servizo de mediación entre iguais.

Participantes:

| | Apelidos e nome | NIF | Enderezo electrónico | Sinatura |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Santidrián Arias, Víctor M. | 05377587A | vsantidrian@edu.xunta.gal | |
| 2 | Carballo Davila, María Teresa | 35298304C | tcdavila@edu.xunta.gal | Teresa |

Participantes:

| | Apelidos e nome | NIF | Enderezo electrónico | Sinatura |
|---|---|---|---|---|
| 3 | Docanto Laviña, María Elena | 76409848F | docanto@edu.xunta.gal | |
| 4 | Fernández Rivas, María Xosé | 35443162R | maruxafrivas@edu.xunta.gal | |
| 5 | López Macía, Helena | 34257694E | macia@edu.xunta.gal | |
| 6 | Magariños Riveira, Sonia | 52471900E | smagarinos@edu.xunta.gal | |
| 7 | Rios Gil, Ana | 45845643L | anariosgil@edu.xunta.gal | |

## 6. CRITERIOS E INDICADORES DE EVALUACIÓN DA APLICACIÓN E IMPACTO

Indicadores de avaliación da aplicación na aula

**Indicador:** -As Carpetas de Aula -Os traballos do alumnado

- Itinerario: 1. Consolidación da aprendizaxe cooperativa no IES do Milladoiro
- Característica: Estruturar a aula de xeito cooperativo traballando os tres ámbitos.
- Criterio aceptación: Unha carpeta de aula en cada grupo no que se implemente a Aprendizaxe Cooperativa
- Temporalización: Ao final do curso.

**Indicador:** A propia Unidade/ tarefa.

- Itinerario: 1. Consolidación da aprendizaxe cooperativa no IES do Milladoiro
- Característica: Integrar estruturas cooperativas no desenvolvemento da Unidade /tarefa.
- Criterio aceptación: Por o menos 3 estruturas en cada Unidade/ tarefa.
- Temporalización: Ao final do curso.

**Indicador:** As propias rúbricas.

- Itinerario: 1. Consolidación da aprendizaxe cooperativa no IES do Milladoiro
- Característica: Deseño de rúbricas para avaliar os estándares relacionados coa Aprendizaxe Cooperativa
- Criterio aceptación: Unha rúbrica integrada na avaliación da tarefa.
- Temporalización: Ao final do curso.

**Indicador:** Número de profesores asistentes á formación que adquiren o compromiso de buscar un clima de convivencia positiva na aula e no centro.

- Itinerario: 2. A mediación no Ies do Milladoiro
- Característica: Profesorado asistente á formación que adquire o compromiso de buscar un clima de convivencia positiva na aula e no centro.
- Criterio aceptación: O 90% dos docentes asistentes á formación adquiren o compromiso de buscar e intentar implementar na aula e no centro un clima de convivencia positiva.
- Temporalización: Ao longo do curso.

**Indicador:** -As Carpetas de Aula -Os traballos do alumnado

- Itinerario: 1. Consolidación da aprendizaxe cooperativa no IES do Milladoiro

Indicadores de avaliación da aplicación na aula

- Característica: Introdución de técnicas cooperativas.
- Criterio aceptación: Un traballo realizado con unha técnica cooperativa
- Temporalización: Ao final do curso.

**Indicador:** Número de docentes asistentes á formación que participan na elaboración do documento que sirva de base á creación dun protocolo sobre mediación.

- Itinerario: 2. A mediación no Ies do Milladoiro
- Característica: Participación do profesorado asistente á formación que participa na elaboración do documento que sirva de base á creación dun protocolo sobre mediación.
- Criterio aceptación: O 90% dos asistentes á formación participan na elaboración do documento base.
- Temporalización: Ao final do curso.

Indicadores de avaliación do impacto na aula

**Indicador:** O propio plan.

- Itinerario: 1. Consolidación da aprendizaxe cooperativa no IES do Milladoiro
- Característica: Documentar, na memoria do centro, o proceso de deseño das tarefas integradas.
- Criterio aceptación: Recoller a avaliación do proceso e introdución de contidos de mellora.
- Temporalización: Ao final do curso.

**Indicador:** Número de docentes asistentes á formación que participan na elaboración do documento base para elaborar o protocolo sobre mediación con intención de implantar este servizo a partir do mes de xaneiro.

- Itinerario: 2. A mediación no Ies do Milladoiro
- Característica: O profesorado asistente á formación que participa na elaboración do documento base para elaborar o protocolo sobre mediación con intención de implantar este servizo a partir do mes de xaneiro.
- Criterio aceptación: O 90% dos docentes asistentes á formación que participan na elaboración do documento sobre mediación con intención de implantar este servizo a partir do mes de xaneiro.
- Temporalización: A partir do mes de xaneiro.

**Indicador:** As unidades/tarefas elaboradas.

- Itinerario: 1. Consolidación da aprendizaxe cooperativa no IES do Milladoiro
- Característica: Incluir nas Unidades/ tarefas integradas indicadores das competencias cooperativas
- Criterio aceptación: Unha Unidade/ tarefa por grupo clase.
- Temporalización: Ao final do curso.

**Indicador:** As unidades/tarefas elaboradas.

- Itinerario: 1. Consolidación da aprendizaxe cooperativa no IES do Milladoiro
- Característica: Incluir nas Unidades/ tarefas integradas indicadores das competencias cooperativas.

Indicadores de avaliación do impacto na aula

- Criterio aceptación: Unha Unidade/ tarefa por grupo clase.
- Temporalización: Ao final do curso.

## 7. APLICACIÓN NA AULA/NO CENTRO

Deseñaranse instrumentos de avaliación ao comezo do curso para cuantificar o impacto na aula.
Os autoinformes recollen tamén a utilidade e funcionamento das dinámicas e estruturas da Aprendizaxe cooperativa.
O servizo de mediación empezará a traballar a partir do mes de xaneiro.

## 8. MEDIDAS ORGANIZATIVAS INTERNAS PREVISTAS SE FOSE NECESARIO

As medidas para o segundo ano do Plan de formación consensuaranse nos claustros de principio de curso.
Este ano, e como medida organizativa, volvemos ter unha hora de reunión semanal en horario de mañá para todos os participantes no PFPP, que vén engadirse ás horas de formación. Estará presidida polos respectivos coordinadores.

## 9. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

O marcado nas táboas de indicadores de avaliación de aplicación e impacto.
Farase tamén un seguimento periódico a través das reunións de traballo e dos produtos realizados.
A avaliación quedará reflectida nos autoinformes das actividades que se analizan nas reunións de grupo.

## 10. ORZAMENTO ESTIMADO (por curso escolar)

Datos solicitados

Horas docencia da actividade: 20

Horas totais da actividade: 80

Docencia: 400 €

Material: 100 €

Desprazamento: 200 €

Total: 700 €

Sinatura do/a Director/a do centro:

Asdo: Ana Carballo Balboa

Biduído (Santa María), 26 de setembro 2019

I. E. S. DO MILLADOIRO * AMES (A CORUÑA)

# INFORME DE DETECCIÓN DE NECESIDADES

## Descrición e contextualización do centro educativo

O IES do Milladoiro oferta catro liñas de Ensino Secundario Obrigatorio e dúas de Ensino Secundario Postobrigatorio nas modalidades de Bacharelato de Humanidades e Ciencias
Sociais e Bacharelato de Ciencias.
Curso 2019-2020: 480 alumnos e alumnas. Neste curso, contamos con 54 profesoras e profesores, dos que 38 son persoal definitivo. Idade media do profesorado: 44.
A matrícula incrementouse nos últimos anos e nos próximos continuará a tendencia ao incremento.
Mención especial merece o alumnado procedente do estranxeiro. O seu número é relativamente elevado e a súa procedencia moi dispar, e empezan a aparecer dificultades de integracións lingüística en castelán, e son maiores en galego ou nunha segunda lingua estranxeira. Non observamos dificultades de integración social.
O centro leva sete anos aberto e temos desenvolvido dous plans de formación de dous anos cada un. No presente curso académico estamos a solicitar outro tamén bianual.¿Asemade, temos catro liñas de Contratos Programa.

## Metodoloxías didácticas no centro

-Despois de dous anos con Plan de formación permanente do profesorado (cursos 2015/2016-2016/2017), no que nos iniciamos e afondamos nas técnicas da aprendizaxe cooperativa, apostamos, como necesidade de formación, por esta liña. Partimos dun núcleo relativamente pequeno do claustro implicado nesta nova metodoloxía, e temos como obxectivo acadar un maior número de profesores que se interesen e participen na mesma. En síntese, a orientación didáctica inclínase ás técnicas da aprendizaxe cooperativa. Dado que o alumnado do centro presenta unha ampla gama de necesidades educativas especiais, parcialmente atendidas polas medidas de atención á diversidade, a aprendizaxe cooperativa é unha metodoloxía que favorece o ensino inclusivo, que debe ser un dos trazos propios do centro. Para este curso, 2019-2020, pretendemos seguir afondando na mesma liña.
-Unha porcentaxe elevada do profesorado definitivo traballa cunha metodoloxía tradicional, de tipo clase maxistral. Parte do profesorado ve útil aprender outras metodoloxías, aínda que se atopa cómodo cos resultados adquiridos en anos do seu alumnado e non ve incompatible asumir metodoloxías activas de aprendizaxe dende a súa praxe actual. Por outra banda, hai profesorado que xa ten experiencia con este tipo de metodoloxías activas.
-Unha parte significativa do profesorado está interesada, por accións que xa levan en aula e, puntualmente, de xeito colaborativo dentro de distintos departamentos, en afondar máis en metodoloxías dastecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento. Nomeadamente, destacamos a PDI, cuxa dotación está completa en todas as aulas, agás en dúas. Existe unha necesidade compartida entre varias persoas docentes en relación a adquisición de dispositivos móbiles (tablets) e metodoloxías relacionadas con ABP e estes dispositivos.
-Temos agrupamentos flexibles en 1º e 2º da ESO en varias materias, e 2º de PEMAR e 3º de PEMAR. Tamén contamos, de maneira destacable, con Ámbitos en 1º da ESO.

## Recursos

-Recursos humanos: claustro con formación e motivacións excepcional. Vemos moitas posbilidades de concreción e sistematización de metodoloxías e dinámicas de centro.
-Está previsto unha hora de reunión semanal dentro do horario lectivo para todo o profesorado implicado no Plan de formación permanente (PFPP).
-Cabe destacar o gran labor do departamento de Orientación, en colaboración estreita coas titorías.

## Observación de déficits e fortalezas na aula

Aula/centro.-
-Fortalezas: (1) formación e motivacións do claustro; (2) hai departamentos que xa colaboran en accións de aula; (3) o departamento de Orientación; (4) ANPA moi implicada; (5) alumnado non especialmente conflitivo. (6) Están xa redactados e en funcionamento o Plan de Acción Titorial e o Plan Xeral de Atención á Diversidade, dado que se ten avanzado notoriamente na visión conxunta de centro. (7) Avanzouse notablemente no proceso de redacción da documentación e protocolos esixida pola lei; (8) o claustro foise consolidando porque unha porcentaxe significativa do profesorado xa é definitiva.
-Debilidades: (1) Imos mellorando en liñas de actuación comúns e en procedementos de aula compartidos de xeito sistemático, destacando a necesidade de mellora no traballo interdisciplinar; (2) situacións de desestruturación familiar que dificultan o desenvolvemento académico, sen haber respostas institucionais suficientes.

## Análise dos resultados das avaliacións individualizadas de 3º e 6º de EP e dos resultados académicos do centro

-Os resultados académicos do curso son equiparables á media estándar doutros centros de características similares ás do noso. Neste senso, invertiuse a tendencia observada nos primeiros anos.
-Implementáronse unha notoria cantidade de medidas de atención á diversidade e Contratos-Programa: a mellora dos resultados é produto desa actuación.
-As distintas institucións que traballan co instituto están coordinadas a través da Rede do Ies do Milladoiro.

## Aspectos destacables da documentación do centro

A maior parte dos documentos foron xa redactados. Foron obxectivos do centro para o curso 2018-2019 rematar as liñas xerais do PEC e dar forma definitiva ao Plan de convivencia.

## Obxectivo de mellora a curto e medio prazo

-Curso 2018/19: Optamos pola liña "Escola inclusiva e atención á diversidade" para enfocala cara a aprendizaxe cooperativa. O profesorado que xa se formou este ano abordará a seguinte etapa de formación e tratará de exercer como guía na difusión da metodoloxía cooperativa para o resto do claustro. Tamén se iniciou un seminario en torno á liña de Convivencia co obxectivo de crear, a medio prazo, un servizo de mediación entre iguais no centro.
-Para o presente curso 2019/20 imos seguir traballando ambas liñas de formación, co obxectivo xa de implantar un servizo de mediación entre o alumnado a partir de xaneiro.

I. E. S. Do Milladoiro * AMES (A CORUÑA)

Sinatura do/a Director/a :

Biduído (Santa María), 26 de setembro de 2019

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

galicia

# ANEXO III
# CERTIFICADO DE INFORMACIÓN EN CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR

| CENTRO | |
|---|---|
| **DIRECTOR** | 16287229D - Ana Carballo Balboa |
| **CENTRO** | 15032807 - IES do Milladoiro |
| **PROVINCIA** | A Coruña |

## CERTIFICA:

Que na sesión do Claustro de Profesores deste centro, realizada o día 16 de setembro de 2019 e na sesión do consello escolar do día 26 de setembro de 2019 se informa da presentación da solicitude de participación na convocatoria de plans de formación permanente do profesorado que se implantará en centros educativos públicos no curso 2019 / 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, así como a asunción dos compromisos necesarios para o seu desenvolvemento.

Sinatura do/a Director/a do centro:

Biduído (Santa María), 26 de setembro de 2019

I.E.S. DO MILLADOIRO * AMES (A CORUÑA)

# ANEXO III
# PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs

# PLAN DE INTEGRACIÓN TIC

[Aprobado en reunión da CCP de …]

## 1. INTRODUCIÓN

Na sociedade da información, na que actualmente nos desenvolvemos, o uso cada vez máis xeneralizado das novas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) implica cambios en practicamente todas as actuacións que realizamos no eido educativo. Por esta razón, é necesaria unha constante revisión e actualización do uso das TIC como ferramenta de aprendizaxe, investigación e comunicación, da formación básica que se necesita, das infraestruturas e os medios que utilizaremos e da estrutura organizativa dos centros.

Existen outras múltiples razóns para aproveitar as posibilidades que proporcionan as TIC como canles formativas nos procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre as que atopamos:

- A motivación, xa que os novos medios son máis atractivos para o alumnado e conséguese mellor esa motivación, que constitúe un dos motores da aprendizaxe.
- Unha maior interacción, xa que permanecen máis activos ao interactuar co ordenador, entre eles e co profesor a través da rede.
- Aprendizaxe colaborativa, xa que se facilita o traballo en grupo, o intercambio de ideas e a participación.
- O acceso a múltiples recursos educativos e contornas de aprendizaxe, poñendo ao seu alcance todo tipo de información a través dos medios dixitais e Internet.
- Atención á diversidade. Pódense personalizar os procesos de ensinanza-aprendizaxe ao existiren múltiples materiais e recursos educativos que permiten achegar a cada alumno os máis axeitados ao seu ritmo de aprendizaxe e ás súas circunstancias persoais.

No noso centro o claustro asume a necesidade de incorporar as TIC á súa práctica docente, propoñéndose aprender sobre as TIC como fonte de información e provedoras de recursos didácticos para integralos de forma progresiva e paulatina, e tratar de conseguir, tanto como aprender coas TIC, que estes novos recursos participen xa dunha forma máis habitual e xeneralizada na práctica totalidade das áreas e niveis.

Este plan, unha vez aprobado, formará parte do Proxecto Educativo do Centro e da Programación Xeral Anual, coas modificacións pertinentes cada curso académico.

## 2. MARCO LEXISLATIVO

a. *Lei orgánica 2/2006*, de 3 de maio (Artigo 4.e, Artigo 23.e, Artigo 17.i e Artigo 19.2), (BOE do 4 de maio de 2006).
b. *Decreto 133/2007*, do 5 de xullo (DOG de 13 de xullo de 2007).
c. *Lei orgánica 8/2013*, do 9 de decembro (Artigo 111) (BOE de 10 de decembro de 2013).
d. *Decreto 86/2015*, de 25 de xuño (Artigo 3. c) (DOG de 29 de xuño de 2015).

e. *Instrucións* de setembro de 2016 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
f. *Orde do 17 de xullo de 2007* da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG de 24 de xullo de 2007).

## 3. OBXECTIVOS

### 3.1. Obxectivos xerais

- Completar e mellorar o equipamento tecnolóxico do centro (a necesidade prioritaria é completar a dotación das aulas de informática e de tabletas para o profesorado).
- Manter e coidar o equipamento tecnolóxico co que xa contamos.
- Converter as comunicacións dixitais na canle prioritaria de comunicación coa comunidade educativa.
- Incorporar a todo o persoal docente do centro no uso das TIC.
- Incorporar as TIC como unha ferramenta máis para obter información e xerar coñecemento no alumnado.
- Propiciar o intercambio de experiencias con outros centros educativos, no ámbito local, nacional e internacional.
- Converter as TIC nun elemento integrador, dando as mesmas oportunidades ao alumnado con independencia da súa condición social e cultural.
- Uso das TIC para a atención á diversidade, potenciando o uso de materiais e estratexias que permitan unha aprendizaxe autónoma.

### 3.2. Obxectivos co profesorado

- Adquirir o compromiso por parte dos departamentos de crear un apartado nas programacións didácticas no que se recollan as accións que contribúan a mellorar o formulación didáctica a través das TIC.
- Contribuír ao coidado e correcto funcionamento dos equipos informáticos, co apagado de todos os dispositivos dixitais ao remate de cada clase.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas...
- Saber consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades..., participar en foros e crear ou participar en distintas plataformas de colaboración en Internet.

### 3.3. Obxectivos co alumnado

- Promover boas prácticas TIC que permitan previr o ciberacoso, respectar a privacidade e manexar dun xeito saudable a información que o alumnado transmite e recibe.

- Potenciar a capacidade de aprendizaxe do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Acadar unha alfabetización dixital real entre o alumnado.
- Utilizar as TIC como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación coa comunidade educativa.
- Utilizar programas e contornas (sistemas operativos) que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas dixitais.

### 3.4. Obxectivos coa comunidade educativa

- Lograr a integración das TIC como un medio dinámico de comunicación, converténdoo nun elemento común de difusión de actividades, oferta educativa, convocatorias..., e propiciando o contacto con todos os axentes do proceso educativo mediante o uso do correo electrónico e a aplicación *Abalarmóbil* da Consellería.

## 4. COORDINADOR/A TIC E COMISIÓN DE COORDINACIÓN TIC

### 4.1. Funcións

Segundo a *Orde do 17 de xullo de 2007*, as funcións do coordinador/a TIC, en colaboración co profesorado da Comisión, serán as seguintes:

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC no centro.
- Encargarse do mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
- Dar soporte no uso didáctico do equipamento informático do centro ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
- Elaborar, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o plan TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
- Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.
- Asumir outras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

### 4.2. Criterios de nomeamento

- Prioritariamente, nomearase coordinador TIC o profesor que imparta a materia de TIC ou de Informática.

- Non obstante, poderase nomear igualmente coordinador TIC, co mesmo grao de prioridade e segundo o criterio da Dirección do centro, calquera profesor/a que asuma a coordinación voluntariamente e que teña coñecementos adecuados para desenvolver esta tarefa.
- A redución horaria virá determinada polo marco lexislativo e axustarase sempre ás necesidades organizativas do centro.

## 5. DOTACIÓN TECNOLÓXICA DO CENTRO

Na actualidade (outubro de 2017), dispoñemos dos seguintes recursos:

- Carpetas compartidas en rede que conectan os ordenadores dos Cargos Directivos, a Secretaría-Conserxería e a Sala do Profesorado.
- Cobertura de rede sen fíos en toda a área do centro (agás zonas de sombra no Salón de actos e no Ximnasio) para uso exclusivo do profesorado.
- Páxina web: http://www.edu.xunta.es/centros/iesmilladoiro/
- Espazo Moodle: http://www.edu.xunta.es/centros/iesmilladoiro/aulavirtual/

O IES do Milladoiro dispón, a data de maio de 2018, de 92 PC, 94 monitores, 30 portátiles, 40 canóns, 26 PDI, 20 aulas con altofalante de parede, 3 impresoras-escáner (con color), 10 impresoras normais, 5 tabletas, 1 cámara dixital, 1 gravadora de voz dixital e un altofalante portátil. A organización deste material nos espazos do centro é a que se recolle na táboa do **Anexo 4**.

## 6. USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS MULTIMEDIA PARA A OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN E PARA A APRENDIZAXE

Resulta imprescindible a coordinación entre o uso das TIC e a Biblioteca, xa que as Bibliotecas escolares, tal como se recolle nas *Instrucións do 1 de setembro de 2015,* da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en relación coa organización e funcionamento das Bibliotecas Escolares, deben favorecer a alfabetización múltiple, é dicir, a comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e as imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica, abundando na idea de que esta competencia é a porta para as futuras aprendizaxes.

Asemade, nestas instrucións faise fincapé en que un dos factores máis relevantes á hora de obter resultados no funcionamento e organización da biblioteca escolar é a coordinación entre o equipo da biblioteca e os responsables das TIC no centro.

O equipo da biblioteca sérvese do programa MEIGA para a organización e xestión dos seus recursos bibliográficos e audivisuais a través das TIC, e para o propio manexo dos alumnos na procura de información sobre libros. Ademais, contamos na web do centro cun enlace ao buscador do programa MEIGA.

Varias actividades da biblioteca desenvólvense mediante o uso das TIC:

- Envío de producións dixitais do alumnado para concursos.
- Proxeccións de presentacións e vídeos para a formación de usuarios.

- Uso do correo *gmail* da biblioteca para convocatorias de sesións do club de lectura, para a difusión do boletín de novas da biblioteca *As novas de Leo*, para a convocatoria de reunións das bibliotecas da contorna e outras actividades da biblioteca.
- Mantemento de dous blogs (http://iesmilladoirobiblioteca.blogspot.com.es/, http://leomilladoiro.blogspot.com.es/) con contidos sobre recomendacións literarias e actividades relacionadas coa lectura e a formación de usuarios.

## 7. A WEB DO CENTRO

Contamos dende a apertura do centro cunha páxina web propia (http://www.edu.xunta.es/centros/iesmilladoiro/), que se usa para a difusión entre a comunidade escolar de circulares informativas, de diversos modelos de impresos, da oferta educativa, de convocatorias, de actividades e de accións desenvolvidas ao longo de cada curso. Este sitio web converteuse nunha importante vía de comunicación coas familias.

O profesorado foi implicándose ao longo destes cursos no uso da web do centro, o que permitiu usala como canle de comunicación e de información, para compartir experiencias educativas e empregar diferentes recursos TIC co alumnado, a través dos directorios de recursos dixitais dos departamentos.

Desde o seu comezo entendemos que o espazo web debería cumprir os seguintes obxectivos:

- A web do centro será a principal canle de información e comunicación cos diferentes membros da comunidade escolar.
- Empregarase fundamentalmente para publicitar actividades, programacións didácticas, documentos do centro, convocatorias e información de interese para a comunidade escolar.
- Achegará os pais/nais ás TIC, empregando a motivación de ver as actividades nas que participaron os seus fillos e fillas.
- Achegará o alumnado a Internet, presentando a web como a forma de acceder a gran cantidade de información académica.

## 8. PLAN DE AVALIACIÓN ANUAL

A proposta de avaliación é a de que o coordinador/a, en colaboración coa comisión TIC, organice a final de curso unha reunión dos membros desta comisión para valorar as actuacións realizadas nos seguintes aspectos:

- Recursos dixitais: funcionamento dos recursos dixitais empregados, problemas técnicos xurdidos, valoración e análise dos medios dixitais.
- Web do centro: cantidade e dinamismo dos contidos pendurados na web do centro, porcentaxe de profesorado que incorpora medios dixitais, número de cursos creados na aula virtual, alumnado matriculado nos cursos da aula virtual.

## 9. PLAN DE FORMACIÓN TIC

- Profesorado: procurarase proporcionarlle ao profesorado a formación que demande en función das súas necesidades (uso de PDI, aula virtual…).
- Alumnado: prevese levar a cabo a formación dun grupo de alumnado en actuacións de cibermentoría.
- Familias: procurarase a implicación e potenciación entre as familias do uso da aplicación *Abalarmóbil*; realizaranse charlas orientativas para previr o ciberacoso e un uso saudable das TIC.

## 10. MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PLAN

- Potenciaranse as relacións necesarias cara aos medios de comunicación locais, para a inclusión neles do maior número posible de noticias e informacións elaboradas dende o plan TIC do centro.
- Procurarase editar en soporte dixital todo o material elaborado, tanto didáctico como documental creado dende o plan TIC. O devandito material distribuirase entre todos os membros da comunidade educativa.
- Na programación xeral anual de centro incluírase, se procede, a actualización deste plan cada curso escolar, ademais de publicarse na web do centro dentro do PEC.

## 11. ANEXOS

Anexo 1. Webs e documentos de axuda.

Anexo 2. Normas de uso da aula de informática.

Anexo 3. Plano coa distribución dos recursos tecnolóxicos.

Anexo 4. Táboa coa organización do material tecnolóxico nos espazos do centro.

## Anexo 1. Webs e documentos de axuda

- Rede de centros TIC
- Portal Galego de Contidos Educativos
- Guía de boas prácticas en elaboración de páxinas web
- O modelo pedagóxico CAIT
- Os obxectivos educativos
- Taxonomía de materiais e recursos educativos dixitais
- O encerado dixital como recurso na aula
- Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación

## Anexo 2. Normas de uso da aula de informática

- Para o uso da aula o/a profesor/a responsable deberá estar presente durante toda a sesión. Non se permite o acceso para gardas nin con finalidades lúdicas.
- É importante comprobar ao inicio e ao final da clase o estado do equipo informático, avisando ao/ a profesor/a en caso de detectar algunha anomalía. AO INICIO DA CLASE, CADA ALUMNO/A DEBERÁ ANOTAR O SEU NOME E APELIDOS NO LIBRO DE CONTROL DE AULA, INDICANDO O NÚMERO DE ORDENADOR E AS POSIBLES INCIDENCIAS. É obrigatorio encher o parte cada vez que se usen os ordenadores.
- Ao remate da sesión os equipos deberán apagarse correctamente, deixando o mobiliario colocado e as mesas limpas.
- Está prohibido comer ou beber na aula, así como deixar papeis ou lixo tirado ou encima das mesas.
- Non se permite borrar ou modificar calquera información que non sexa a estritamente persoal de cada usuario, así como tampouco a almacenaxe de información ilegal ou ofensiva.
- Está prohibido manipular ou mover os ordenadores e periféricos da súa situación orixinal, nin desconectar cable ningún. Todas as actividades realizadas cos ordenadores están suxeitas a monitorización e rexistro.
- Os alumnos/as serán responsables dos estragos e deterioracións que poidan causar intencionadamente, por uso inaxeitado ou como consecuencia de actividades prohibidas no mobiliario da aula ou nos equipos informáticos.
- A reparación derivada dun uso inaxeitado dos recursos TIC será por conta dos/as alumnos/as responsables. A factura do servizo técnico será presentada aos pais, nais, titores ou responsables legais do/a alumno/os causante/s dos danos, tanto en software, como en hardware ou mobiliario da sala.
- Denegaráselle o acceso a esta aula ao alumnado que incumpra estas normas

**Plan de integración TIC. Anexo 3. Plano coa distribución dos recursos tecnolóxicos (maio 2018)**

# PLANTA SUPERIOR (2)



# PLANTA INTERMEDIA (1)



# PLANTA INFERIOR (0)



## Plan de integración TIC. Anexo 4. Táboa coa organización do material tecnolóxico nos espazos do centro (maio de 2018)

| | PC | Monit. | Portát. | Canón | PDI | Audio | Impr.-escán. | Impr. | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Servidor | 1 | 1 | | | | | | | En secretaría |
| Sala profesorado | 6 | 6 | | | | | | 2 | |
| Portátiles rotatorios | | | 4 | | | | | | 1 orientación; 2 secretario; 1 vicedirec. |
| Canóns rotatorios | | | | | | | | | |
| Despacho orientación | 1 | 1 | | | | | | 1 | |
| Despacho dirección | 1 | 1 | | | | | | 1 | |
| Despacho vicedir. | 1 | 1 | | | | | | 1 | 1 grav. dixital, 1 cámara fot., 1 altofalante portátil |
| Despacho xefatura | 1 | 1 | | | | | | 1 | |
| Despacho secretaría | 1 | 1 | | | | | 1 | 1 | |
| Secretaría | 1 | 1 | | | | | 1 | 1 | |
| Conserxería | | | 1 | | | | | | |
| Salón de actos | | | 1 | 1 | | | | | |
| Biblioteca | 7 | 7 | | 1 | | 1 | 1 | 1 | 5 tabletas |
| Dto. Lingua Castelá | | | | | | | | | |
| Dto. LG+EF+EDL | | | | | | | | | |
| Dto. Matemáticas | | | | | | | | | |
| Dto. Bioloxía e X. | | | | | | | | | |
| Dto. Xeografía e H. | | | | | | | | | |
| Dto. Francés+Inglés | | | 1 | | | | | | Portátil uso dto. inglés |
| Dto. Ec.+Gr.+Fil.+Rel. | | | | | | | | | |
| Dto. Tecn.+Física e Q. | | | | | | | | | |
| Titoría 1 | | | | | | | | | |
| ANPA / Titoría 2 | | | | | | | | | |
| Aula 0-1-1 | | | 1 | 1 | | 1 | | | |
| Aula 0-1-2 | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | | |
| Aula 0-1-3 | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | | |
| Aula 0-1-4 (Mús. 2) | 1 | 1 | | 1 | | | | | |
| Aula 0-1-5 (Inform. 1) | 28 | 28 | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega 2 |
| Aula 0-1-6 | 1 | 1 | | 1 | 1 | 1 | | | |
| Aula 0-2-1 (Tecn.) | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega 2 |
| Aula 0-2-2 (Idiomas) | | | 1 | 1 | 1 | 1 | | | |
| Aula 0-2-3 | 1 | 1 | | 1 | 1 | 1 | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Aula 0-2-4 (Mús. 1) | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | | |
| Aula 0-2-5 (Inform. 2) | 29 | 29 | | 1 | | | | | 1 PC uso profesorado |
| Aula 0-2-6 (Plást.) | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega 2 |
| Aula 1-1-1 | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega |
| Aula 1-1-2 | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega |
| Aula 1-1-3 | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | | |
| Aula 1-1-4 | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | | |
| Aula 1-1-5 | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega |
| Aula 1-1-6 | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega |
| Aula 1-1-7 | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega |
| Aula 1-2-1 | 1 | 1 | | 1 | 1 | 1 | | | |
| Aula 1-2-2 | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega |
| Aula 1-2-3 | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega |
| Aula 1-2-4 | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega |
| Aula 1-2-5 | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega |
| Aula 1-2-6 | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega |
| Aula 1-2-7 | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega |
| Aula 1-3-1 | | | 1 | 1 | 1 | | | | Aula Amtega 2 |
| Aula 1-3-2 (Deb.) | 1 | 1 | | 1 | 1 | | | | |
| Aula 1-3-3 (L. F/Q) | 1 | 1 | | 1 | | | | | |
| Aula 1-3-4 (L. B/X) | 1 | 1 | | 1 | | | | | |
| Aula 1-3-5 (Lab.) | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | | |
| Aula 2-3-1 | | | 1 | 1 | 1 | 1 | | | Aula Amtega |
| Aula 2-3-2 | 1 | 1 | | 1 | 1 | 1 | | | |
| Aula 2-3-3 | 1 | 1 | | 1 | 1 | 1 | | | |
| Aula 2-3-4 | | | 1 | 1 | 1 | 1 | | | Aula Amtega |
| Aula 2-3-5 | | | 1 | 1 | 1 | 1 | | | Aula Amtega |
| Aula 2-3-6 | | | 1 | 1 | 1 | 1 | | | Aula Amtega |
| Ximnasio | | | | | | | | | |
| Almacén | | 2 | 2 | 2 | | 2 | | 1 | 1 televisión plana, 1 DVD |
| **TOTAL** | **92** | **94** | **30** | **40** | **26** | **20** | **3** | **10** | |

# ANEXO IV
# ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

## LINGUA NA QUE SE IMPARTEN AS DISTINTAS MATERIAS

Figuran en letra grosa as de impartición obrigatoria nese idioma (segundo a lexislación vixente en xuño de 2018); as outras son as de escolla polo centro.

| 1º ESO | Gal. | Cast. |
|---|---|---|
| Valores éticos | 1 | |
| Relixión | | 1 |
| **Bioloxía e Xeoloxía** | **4** | |
| **Xeografía e Historia** | **3** | |
| Educación Física | | 2 |
| Ed. Plástica | 2 | |
| **L. Castelá** | **--** | **--** |
| **Inglés** | **--** | **--** |
| **L. Galega** | **--** | **--** |
| **Matemáticas** | | **5** |
| Paisaxe e sustentabilidade | 1 | |
| **2º Lingua Francés** | **--** | **--** |
| TOTAL | 11 | 8 |

| 2º ESO | Gal. | Cast. |
|---|---|---|
| Valores éticos | 1 | |
| Relixión | | **1** |
| **Física e Química** | | **3** |
| **Xeografía e Historia** | **3** | |
| Educación Física | 2 | |
| Música | | 2 |
| **L. Castelá** | **--** | **--** |
| **Inglés** | **--** | **--** |
| **L. Galega** | **--** | **--** |
| **Matemáticas** | | **5** |
| **Tecnoloxía** | | **3** |
| Apoio/Reforzo | 2 | |
| **2º Lingua Francés** | **--** | **--** |
| Promoción est. vida saudable | 1 | |
| TOTAL | 9 | 14 |

| 3º ESO | Gal. | Cast. |
|---|---|---|
| Valores éticos | 1 | |
| Relixión | | 1 |
| **Bioloxía e Xeoloxía** | **2** | |
| **Xeografía e Historia** | **3** | |
| Educación Física | 2 | |
| Educación plástica | 2 | |
| **L. Castelá** | **--** | **--** |
| **Inglés** | **--** | **--** |
| **L. Galega** | **--** | **--** |
| **Matemáticas** | | **4** |
| **Tecnoloxía** | | **2** |
| Cultura clásica | 2 | |
| **Francés** | **--** | **--** |
| **Física e Química** | | **2** |
| Música | | 2 |
| TOTAL | 12 | 11 |

| 4º ESO | Gal. | Cast. |
|---|---|---|
| Valores éticos | 1 | |
| Relixión | | 1 |
| **Bioloxía e Xeoloxía** | **3** | |
| **Ciencias Sociais** | **3** | |
| Educación Física | 2 | |
| Educación plástica | 3 | |
| **L. Castelá** | **--** | **--** |
| **Inglés** | **--** | **--** |
| **L. Galega** | **--** | **--** |
| **Matemáticas** | | **4** |
| **Tecnoloxía** | | **3** |
| Cultura clásica | 3 | |
| Cultura científica | 3 | |
| Filosofía | | 3 |
| **Física e Química** | | **3** |
| Economía | | 3 |
| **TIC** | | **3** |
| Latín | 3 | |
| Música | | 3 |
| Ciencias aplic. | | 3 |
| In.activ. emprendedoras | 3 | |
| Artes escénicas | | 3 |
| **Francés** | **--** | **--** |
| TOTAL | 24 | 29 |

| 1º BACH. | Gal. | Cast. |
|---|---|---|
| Filosofía | 3 | |
| Educación Física | 2 | |
| **Lingua castelá** | **--** | **--** |
| **Lingua galega** | **--** | **--** |
| **Inglés** | **--** | **--** |
| Cultura científica | 2 | |
| TIC | | 2 |
| **Francés** | **--** | **--** |
| Relixión | | 1 |
| Debuxo artístico | | 3 |
| Matemáticas I | 4 | |
| H.ª mundo contemporáneo | 4 | |
| Física e Química | | 4 |
| Matemáticas aplicadas I | 4 | |
| Debuxo Técnico I | 4 | |
| Tecnoloxía Industrial I | | 3 |
| Bioloxía e Xeoloxía | | 4 |
| Economía | | 4 |
| Grego I | 4 | |
| Latín I | | 4 |
| Reforzo/afondamento de linguas | 1 | |
| Reforzo/afondamento de matemáticas | | 1 |
| Literatura Universal | | 4 |
| **Oralidade francés** | **–** | – |
| Literaturas Hispánicas | | 2 |
| Linguaxe e práctica musical | **3** | |
| Robótica | | 2 |
| Introd. Programación | | 1 |
| TOTAL | 31 | 35 |

| 2º BACH. | Gal. | Cast. |
|---|---|---|
| H.ª de España | 3 | |
| H.ª da Filosofía | | 4 |
| **Lingua castelá** | -- | -- |
| **Lingua galega** | -- | -- |
| **Inglés/ Francés** | -- | -- |
| Matematemáticas II / Mat.aplic. II | 4 | |
| Bioloxía | | 4 |
| Química | 4 | |
| Física | 4 | |
| Xeoloxía | | 4 |
| Debuxo técnico II | 4 | |
| Xeografía | 4 | |
| H.ª da Arte | 4 | |
| Economía de empresa | | 4 |
| Grego II | 4 | |
| Latín II | | 4 |
| Ciencias da terra e ambientais | | 3 |
| Teconoloxía | | 3 |
| TIC | 3 | |
| Debuxo artístico | 3 | |
| H.ª Música | | 3 |
| Fundamentos administración e xestión | 3 | |
| Psicoloxía | 3 | |
| **Lit. Galega s. XX** | -- | -- |
| Filosofía ciencia | 2 | |
| Métodos estatísticos e numéricos | 2 | |
| Reforzo/ afondamento linguas | | 1 |
| Reforzo/ afondamento matemáticas | 1 | |
| Actividades físico- recreativas | | 1 |
| Relixión | | 1 |

Paseo da Igualdade, 5
15895 O Milladoiro-Ames
T. 881867863
ies.milladoiro@edu.xunta.es


# IES DO MILLADOIRO

# ADDENDA Á PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL CURSO 2019/20- PROGRAMA ARCO

Paseo da Igualdade, 5
15895 O Milladoiro-Ames
T. 881867863
ies.milladoiro@edu.xunta.es


## 1. Aprobación en claustro da participación no programa ARCO

A participación no programa de Apoio, Reforzo de competencias e Orientación foi aprobada en claustro o 16 de xaneiro de 2020.

## 1. Planificación da medida

Das dúas liñas solicitadas, foi concedida a liña 3, que dota dunha profesora con especialidade lingüística especialista para reforzo de 10 horas semanais.
O reforzo levarase a cabo no grupo 4ºESO-C, co alumnado que cursou 3º ESO PMAR e ten dificultades para superar as materias do 4º curso ordinario.
Dadas as características do grupo, tanto a nivel académico como de convivencia, resólvese facer un subgrupo co alumnado que precisa o apoio e desenvolver o mesmo noutra aula, al menos parcialmente.
O profesor/a asignada reforzará con 3 horas en Lingua Galega, 3 horas en Lingua Castelá e 3 horas de Latín seguindo as instruccións e programa das profesoras titulares.
Participará na renión semanal de titoría coa orientadora e colaborará coa titora do grupo na atención a pais. A avaliación do alumnado corresponderá ás profesoras titulares co asesoramento e información da profesora de apoio.

## 1. Avaliación

A avaliación do programa levarase a cabo mediante o seguimento contínuo do rendimento e progreso do alumnado polas profesoras titulares. Ao final do curso realizaremos unha avaliación mediante enquisas ao alumnado, profesorado e familias implicadas.